

## foz

Rematados os trámites de expropiación para a nova depuradora de augas. **Pax. 7**

## viveiro

O Concello consegue a titularidade de varias parcelas nas inmediacións do paseo marítimo. **Pax. 8**

## burela

O Goberno local converterá os areas en espazos máis vivibles cun comité de praias. **Pax. 10**

## cervo

Instalado o pavimento Sportflex na nova pista de atletismo da Veiga. **Pax. 17**

## alfoz

A biblioteca contará co carné de súper lector a partir do mes de setembro. **Pax. 18**

## A Deputación proporcionará ferramentas tecnolóxicas



## A tradición do proxecto Tecedeira

Xacobo e Sara están á fronte das Xornadas Artísticas Etnográficas da Mariña. **Pax. 4**

## Listas a Feira do Bonito e Produart

Burela acolle este mes de agosto unha nova edición do seu emblema gastronómico. **Pax. 11**

## Open de pesca



A Ribeira de Foz organiza unha nova edición o vindeiro 13 de agosto. **Pax. 6**

## Feira das Maulas



Paco Salgueiro visibiliza esta cita viveirense nunha montaxe audiovisual. **Pax. 9**

## BaixEo e Faragull-Eo



As festas máis divertidas do verán na Pontenova volven a celebrarse. **Pax. 16**

## Un equipo que está a conseguir moitos éxitos

Falamos sobre o club co coordinador deportivo do CB Celtas de Foz, Darío Romero. **Pax. 25**

## SE TANTO A QUERÍAS, XA TES A FIBRA QUE MERECEÍAS

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

OFERTA  
VECINOS  
LUGO  
NON A DEIXES  
ESCAPAR!



Fibra  
1.000 Mb  
Móbil  
50 GB

**28€**  
/mes  
Durante 12 meses  
44€/mes  
**192 € DE AFORRO!**



ENGADE  
**adamo** TV  
TV POR SÓ  
**3€**  
/mes

+100  
canais

**Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu paquete en [adamo.es](https://www.adamo.es)**

Oferta válida para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contrataron entre 01/06/2023 e o 23/09/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+ Móbil limitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de IMA incluídos. Promoción limitada a permanencia cos servizos de Adamo de 12 meses. Custo de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo de parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.

# A MARIÑA

## A RAG dedicaralle a Luísa Villalta o Día das Letras Galegas 2024

O pleno da Real Academia Galega acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2024 a Luísa Villalta (A Coruña, 1957-2004), cadrando co vixésimo aniversario do seu pasamento. Creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeron na segunda metade dos anos 80 e primeiros 90, o seu 17 de maio será unha ocasión excepcional par reivindicala en toda a súa amplitude como a intelectual que foi.

Villalta é unha escritora para facer pensar o mundo contemporáneo a través dunha obra marcada polo pensamento apaixonado, a procura do rigor e tamén a exploración estilística. O cruzamento entre a poesía e a música é outro dos trazos defi-

nitorios dunha autora recoñecida sobre todo como poeta, pero que tamén cultivou con talento o teatro, a narrativa de ficción, o ensaio, o articulismo e a tradución.

“Luísa é unha intelectual. A lóxica, a razón, o pensamento configuran o humus no que enraíza un dos trazos máis significativos da súa voz. Unha poeta do pensamento, en palabras de Pilar Pallarés, que empregaba a poesía para pensar o mundo contemporáneo, como ten subliñado Arturo Casas, expón o texto da proposta sometida a votación. Dende a publicación da obra teatral *Concerto para un home só* (1989) nos Cadernos da Escola Dramática Galega ata o seu pasamento, Villalta publicou máis de quince volumes.

## EDP lanza a iniciativa de apoio a emprendedores Entama

EDP abriu o prazo para presentar candidaturas a unha nova edición do programa de apoio a emprendedores locais, Entama. Nesta quinta edición, esta iniciativa seguirá creando riqueza e emprego nos municipios nos que a compañía enerxética ten actividade. Entama promove a igualdade de oportunidades e a inclusión, así como a mellora ambiental. O prazo de presentación alongarase ata o

7 de setembro e o prazo de selección de proxectos finalizará o 20 de outubro. O xurado primará a súa viabilidade, sustentabilidade e impacto no territorio e dará a coñecer os resultados o 24 de novembro, para desenvolver os proxectos ao longo de 2024.

As bases atópanse dispoñibles na web corporativa de EDP España e na propia web de Entama.

## ‘Xove, Democracia Nuclear’ proxectarase en varias localidades

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a produtora Como unha brizna proxectarán o documental ‘Xove, Democracia Nuclear’, sobre a mobilización social contra o a construción dunha central nuclear en Xove, proxectarase en doce localidades da provincia de Lugo.

Drixido polo xornalista leonés Pedro Lechuga, o documental, que conta coa colaboración da Asociación de Prensa de Lugo, recupera as historias vividas na Mariña cando en novembro de 1973 se fixo público o proxecto a través dos medios de comunicación, recollendo os testemuños de quince persoas vinculadas á mobilización, veciñanza e persoas vinculadas ao nacionalismo, ao Sindicato Labrego Galego, xor-



nalistas e catedráticos, ademais do alcalde de Xove na época, Jesús López González.

O documental proxectarase en Xove, Barreiros, Lugo, Vilalba e Sarria, seguido dunha mesa redonda na que o director de ‘Xove, De-

mocracia Nuclear’, xunto a algúns dos protagonistas compartirán co público as súas reflexións sobre ese acontecemento histórico. Tamén se programarán proxeccións no Vicedo, Viveiro, Cervo, Burela, Foz, Ribadeo e O Valadouro.

## Apepsa convoca o seu certame pola divulgación do Camiño de Santiago

A Asociación de Periodistas e Estudados do Camiño de Santiago (Apepsa) convoca o X Premio Internacional de Divulgación do Camiño de Santiago, que distinguirá ao mellor traballo ou acción de difusión e promoción da ruta e os valores xacobeos no ano anterior ao desta convocatoria (2022) e no primeiro semestre deste ano 2023.

A Xunta Directiva de Apepsa dedica esta Edición, in memoriam, a Ramón Irago Silva, membro da asociación,

mestre, pintor, dinamizador, divulgador e defensor dos valores do Camiño de Santiago.

Poderán presentarse obras e iniciativas de divulgación, promoción e protección do Camiño de Santiago e dos seus valores en libros, publicacións, traducións, producións audiovisuais, series en calquera soporte, exposicións, congresos, xornadas, encontros e/ou accións realizadas por institucións e persoas físicas ou xurídicas, en defensa

e beneficio do Camiño de Santiago. As propostas deberán enviarse ata o día 5 setembro de 2023, ao correo-e: [xornalistas.caminodesantiago@gmail.com](mailto:xornalistas.caminodesantiago@gmail.com) ou dirixirse á entidade de Apepsa.

O premio, igual que nas edicións anteriores, non ten dotación económica e o/a ganador/a recibirá unha escultura, Harmonía, do luscense Luís Loureira e un diploma acreditativo.

**¡REBAJAS INCREÍBLES!**

**almayo**  
muebles

<b>RIBADEO</b> Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 Tel.: 636 761 883	<b>BARREIROS</b> Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10 Tels.: 982 585 709 / 652 110 377	<b>BURELA</b> C/ Curros Enríquez, 12 Tel.: 660 402 954
--	---	--

# Licitada a mellora da eficiencia enerxética de dous colexios

Publicouse na Plataforma de Contratos de Galicia a licitación das obras de mellora da eficiencia enerxética nos CEIP Fondo Nois de Foz – por importe de 424.118 euros – e Santa María do Valadouro – cun orzamento de 338.840 euros –.

As empresas interesadas teñen de prazo ata o día 17 de agosto para presentar as súas ofertas. Unha vez que se formalicen os contratos, o prazo de execución será de catro meses.

En canto ás obras previstas, no CEIP Fondo Nois de Foz destaca a substitución de carpinterías exteriores nos dous bloques do centro, incluídas as persianas; o cambio de luminarias por outras de tecnoloxía LED; a instalación de falso teito e as actuacións de mellora do illamento térmico.

Así mesmo, no edificio principal reformaranse os aseos do alumnado e



cambiaranse as portas de aulas, sala de profesores e baños. Tamén se renovará a cuberta do primeiro bloque e a do soportal do segundo. Igualmente, instalaranse novos canlóns e baixantes.

No tocante ao CEIP Santa María do Valadouro, mudaranse as cubertas dos soportais situados no acceso

ao colexio e no patio; así como a da zona de despachos. Ademais, cambiaranse as carpinterías exteriores e as luminarias por equipos LED de menor consumo; e instalaranse falsos teitos.

En ámbolos dous centros educativos pintaranse tamén os paramentos afectados polas obras.

## Adamo lanza un novo servizo de televisión á carta

Xa está dispoñible o servizo de televisión á carta de Adamo. Con este lanzamento, o operador completa a súa oferta da internet ultrarrápido para o fogar e de telefonía fixa e móbil. As tres modalidades que ofrece Adamo TV, que se poden engadir a calquera paquete de fibra por parte de novos clientes ou xa existentes.

Conta contres paquetes, o Basic con máis de 100 canles, o Prémium con preto de 110 canles e o Total con máis de 120 canles.

**CANLES LOCAIS.** Os tres paquetes contan cunha gran oferta de contidos locais cunha trintena de canles. Destacando, como engadido neste sentido, LaLigaSportsTV, con transmisións de diversas categorías de fútbol, baloncesto, balonmán, bo-xeo, fútbol sala e ata petanca. Para redondear esa variedade, Adamo ofrece varios engadidos.

## Últimas entradas para o Festival Bal y Gay

Quedan poucos días para o comezo do Festival Bal y Gay 2023 e crece a expectación por gozar novamente da excelencia musical en espazos máxicos da Mariña.

Tras esgotarse os abonos, vendéronse todas as localidades para as actuacións de Kebyart, Sara Ferrández, Maria João Pires (dous pases), Trío VibrArt, Orquestra Sinfónica de Galicia e Quinteto Zoar. Con todo, aínda hai entradas dispoñibles para os concertos de Real Filharmonía de Galicia, Rocío Pérez, Cuarteto Quiroga (primeiro pase), Conrado Moya con Katarzyna Myćka, Opera Omnia e Konstantin Krimmel.

O Festival Bal y Gay é único a nivel nacional. Enche cada ano A Mariña de música en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de



referencia en Galicia e España. Ademais, desexa facilitar que a poboación local goce dunha programación musical de excelencia en espazos extraordinarios onde a música comparte protagonismo coa historia, o patrimonio, a paisaxe ou a gastronomía da zona.

## A Biblioteca Provincial repartiu os premios aos gañadores do certame das Letras Galegas



A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades premiou a 33 escolares lucenses no Certame de narración e debuxo Letras Galegas 2023, que organiza a Biblioteca Pública de Lugo coa colaboración das bibliotecas municipais da provincia.

Os gañadores da fase provincial son seleccionados entre os galardoados da fase local en cada unha das bibliotecas participantes. O tema proposto na convocatoria deste ano foi Libros para xogar, libros para vivir. Os autores dos traballos elixidos polo xurado reciben unha figura de Sargadelos e un libro. A entrega será hoxe, ás seis da tarde, na biblioteca.

**NARRACIÓN.** Na categoría A (ata 8 anos) o primeiro premio foi para Alessia Rodríguez Amor, da Biblioteca de Antas de Ulla; o segundo para Antón Rodríguez Fernández (Chantada) e o terceiro para Vera Otero Dorrego (Barreiros). Tamén se concederon dos accésit. Un para Lía López Gómez (Monterroso) e outro para Julia Villapol Bello (Barreiros).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) o gañador foi Jorge Melo Reigosa (Burela), seguido de Mía Santos Seijo (Foz) e Iria Pascual Arias (tamén de Burela). Tamén houbo accésits para Jimena Domínguez García (Burela), Nerea Sobrado Gasalla (Ribadeo) e Diego Ávalos Gato (Viveiro).

Na C (de 12 a 16 anos) os premios foron para Ana Lestao Ben (Burela), Jimena Campo Arias e Lucía Lastra Pérez, as dúas de Ribadeo. Os accésits corresponderon a Sarai Paz Prieto (Xermade), Lidia Expósito Goás (Alfoz) e Pablo García Legazpi (Ribadeo).

**DEBUXO.** Entre os menores de 8 anos os premios foron para Naia Fontenla Suárez (Burela), Leire Posada García (Ribadeo) e Pablo Hernando González (Outeiro de Rei).

Na categoría B (de 9 a 11 anos) gañaron Nicolás Fernández Núñez (Chantada), Carlota Oroza Díaz (Viveiro) e Carla Mella-da Abuín (Burela).

Finalmente, na categoría C (de 12 a 16 anos) repartiron os premios Marcela Pérez-Magdalena Villar (Ribadeo), Claudia Loureiro García (Ribadeo) e Alba García Trinidad (Lugo).

**PREMIADOS FASE LOCAL.** No acto tamén reciben os seus premios os galardoados da fase local no municipio de Lugo na modalidade de debuxo. Na categoría B, Ylenia Victoria Penas Vázquez quedou primeira; Naya Abeledo Lagares segunda; e Ariadne Fernández Rojo terceira.

Na categoría C, o primeiro premio foi para Alba García Trinidad; o segundo para Pedro Alvelo Álvarez e o terceiro para Candela Bande López. Houbo un accésit para Adela Durán González.



¿Tú también tienes el carné de ministro? ¡Si es que hoy en día lo puede tener cualquiera!

Recibirás una copia por mail para que lo lleves siempre contigo. Sino, podrás solicitarlo y disfrutar de 5 céntos/l. de descuento en carburante cuando vengas a darte un capricho.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegal Oil

# “Gustaríanos levar as xornadas a algún concello do interior”

Xacobo e Sara están á fronte das Xornadas Artísticas Etnográficas da Mariña

Xacobo Ares e Sara García son directores artísticos das Xornadas Etnográficas da Mariña, que están organizadas por Tecedeira, e que eles mesmos definen cunha cita de Gustav Mahle: “A tradición non consiste en adorar as cinzas, senón en preservar e transmitir o lume”.

## Cando e como nace Tecedeira, tecendo a tradición?

Tecedeira é un proxecto de investigación, compilación e divulgación das músicas de tradición oral. Nace no ano 2021 na Mariña coa presentación do proxecto en Ribadeo nun acto no que proxectamos tamén o documental *Dorothe na vila*, sobre a musicóloga suíza Dorothe Schubart, que nos anos 70 veu a Galicia para coñecer a nosa música tradicional e recopilou máis de 300 horas de gravacións, creando o Cancioneiro Popular Galego.

## Por que ou con que motivación xorde?

Tecedeira nace como un medio de aprendizaxe persoal para Xacobo, xa que na súa asociación botaba de menos unha formación máis etnográfica. Consideramos que é unha formación esencial para calquera persoa que se achegue á música e o baile tradicional. De aí que se lanzara con este proxecto. Máis tarde uniuse Sara cando decidimos sacar adiante as Xornadas Etnográficas da Mariña.

## Que obxectivos ten?

O obxectivo de Tecedeira é implicar á sociedade e ás novas xeracións na investigación e conservación do noso patrimonio cultural de tradición oral. Para nós tamén é importante tecer rede co tecido asociativo da comarca para dinamizar

culturalmente as nosas vilas e aqueles concellos máis pequenos, e á vez coidar e poñer en valor a nosa música e baile tradicionais.

## Quen a conforma? Onde teñen a base ou de onde son?

Actualmente conformamos Tecedeira dúas persoas, Xacobo Ares, de Ribadeo, e Sara García, de Oourol. Mais queremos abrir o proxecto a todas as persoas interesadas en participar. Tecedeira foi constituída formalmente como asociación cultural este ano coa vontade de involucrar a máis colaboradoras para poder seguir levando a cabo proxectos como as Xornadas Etnográficas da Mariña e outras moitas actividades que queremos facer coa asociación.

## Teñen apoio institucional ou dalgunha entidade?

Para a organización das Xornadas Etnográficas contamos co apoio institucional do Concello de Ribadeo na primeira edición, en 2022, e do Concello de Xove para esta segunda edición que vimos de celebrar o pasado mes de xuño. Este ano tivemos tamén, por primeira vez, o apoio da vicepresidencia e área de Cultura da Deputación de Lugo. Outras entidades que colaboraron con nós para o evento foron o Lugar das Mariás de Xove e Picarolas de Ribadeo.

## E doutras asociacións e colectivos?

Contamos tamén coa colaboración e participación de moitas asociacións e agrupacións da Mariña e de colectivos como a Asociación de Gaiteras Galegas a nivel galego.

## Que iniciativas propoñen?

A idea é realizar actividades cul-

turais, obradoiros formativos e encontros arredor da música e o baile tradicional, así como a publicación de libros e documentais para divulgar todos aqueles saberes e tesouros que garda o noso patrimonio de tradición oral.



**“Oxalá as asociacións culturais do país non estivesen tan esquecidas pola administración pública”**

## Organizan as Xornadas Etnográficas da Mariña. En que consisten?

As Xornadas Etnográficas da Mariña (XEAM) nacen como un punto de encontro para poñer en valor a cultura tradicional galega a través de coloquios, exposicións, obradoiros, concertos, foliada e mostras etnográficas do tecido cultural e asociativo que traballa coa música, o baile e o traxe tradicional. Son unhas xornadas itinerantes que teñen



Xacobo Ares e Sara García. Fotografías de María Simón

como espírito aglutinar a convivencia de todas as agrupacións e asociacións da Mariña e que pretenden realizarse cada ano nun punto diferente da comarca.

## Saben cando e onde serán no 2024?

Aínda non podemos confirmar cando e onde serán o ano que vén, pero gustaríanos poder levarlas a algún concello do interior da comarca. A Mariña non está só na costa.

## Fan actividades ao longo do ano?

Á marxe das XEAM, quixeríamos realizar máis actividades na comarca ao longo de todo o ano. Temos varios proxectos en marcha que esperamos poder revelar pronto.

## Que lle piden aos gobernos locais?

Pediriámoslles aos gobernos locais un compromiso activo coa promoción da nosa música e do noso patrimonio inmaterial, co fin de facilitar a realización de actividades relacionadas con estes ámbitos desde e para a comunidade. Oxalá as asociacións culturais do país non estivesen tan esquecidas pola administración pública en detrimento dos grandes eventos e festivais. Que todas puidésemos contar co financiamento e recursos axeitados para levar a cabo proxectos culturais que implican de verdade á veciñan-

za para aprender, compartir e disfrutar xuntas da nosa cultura popular e creacións colectivas.

## Que accións futuras teñen en mente poñer en marcha?

Ademais de organizar a próxima edición das XEAM, estamos traballando actualmente nunhas recollas a Francisco López, o gaitero de Saa, que é o único membro vivo do grupo Os Enxebres de Lugo e que nos gustaría poder levar a súa historia a un pequeno documental. Tamén Xacobo, a título persoal, mais vinculado ao traballo de Tecedeira, está rematando a biografía do seu tío Francisco Ares, que foi fundador do grupo Os Montes de Lugo, unha das agrupacións máis importantes que houbo no país e que se acompañará dun disco-homenaxe ao grupo.

## Estas iniciativas teñen boa aceptación entre os veciños?

Estamos moi contentos coa acollida das Xornadas Etnográficas por parte da comarca, tanto das asociacións e agrupacións que participaron nas dúas edicións celebradas ata o momento, como das entidades que colaboraron para facelas posibles e toda a xente que acudiu ás actividades. Para esta última edición achegáronse visitantes e participantes de distintos puntos da xeografía galega e quedamos encantados co recibimento que está tendo o proxecto.



# TEMPO DE MÚSICA

## A proposta festivaleira estival do 2023

### O que queda de verán concentra numerosas citas musicais na provincia

Os meses de agosto e setembro concentran o que resta de festivais de música na provincia de Lugo. Atrás quedaron outras citas obrigadas, como o FIV de Vilalba ou o Resurrection Fest de Viveiro, o primeiro encargado de abrir o tempo de festivais e o segundo como un referente internacional. Pero aínda queda moito por celebrar. A primeira fin de semana reúne tamén varias citas obrigadas de festivais, entre o que destaca o de **Pardiñas**, un referente na programación da provincia xa que é Festa de Interese Turístico Galego. Este ano celebra a súa 44 edición reunindo novamente ao máis destacado do panorama folclórico e étnico.

Xunto a este tamén Sarria vivirá un dobrete de celebracións a primeira fin de semana. Así, arranca o **Sarria Blues no Camiño**, que este ano terá lugar do 3 ao 6 de agosto e que incluírá diferentes actividades, ademais dos distintos concertos.



Mentres o blues é o protagonista, a música de festa é a que caracteriza tamén ao **Verbena Fest**, que tamén en Sarria celebra a quinta edición dunha cita imprescindible.

Do 3 ao 5 de agosto de 2023, Antas de Ulla e Monterroso, acollerán unha nova edición do **Festiullooa**, o Festival de Música de Cámara da Ulloa, que chega a súa 14ª edición.

Este festival de música clásica e actividades medioambientais está organizado pola asociación Quercus Sonora.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

O Concello de Cervo convida a gozar do **Festival Folclórico internacional e Infantil** que se celebrará en San Cibrao, na Praza dos Campos, a primeira fin de semana de agosto da man do Grupo Folclórico Mistura.

Durante o mes de agosto as distintas localidades da Mariña acollen o **Festival Bal y Gay**, o único a nivel nacional. Enche cada ano de música en vivo de calidade, afianzando esta comarca lucense como destino cultural de referencia en Galicia e España.

A mediados de agosto destacan dúas citas xa habituais do programa anual. Un deles é o Festival **27327**, en Begonte, que se celebra no club fluvial da localidade con sesión vermú, aberto de billarda e campionato de cimbrón incluído. Outro é o **Rabafolc**, que este ano aínda non presentou o programa xa que forma parte das



festas patronais, que organiza o Concello.

Na Chaira tamén destaca outra cita, o Festival **Pozo Mouro**, que combina música de diferentes tipos con outras actividades culturais.

Máis ao sur da provincia está previsto o **Trece Roes Fest** de Pantón, que este ano acollerá a 18 grupos de música rock; ou o **Ribela Love&Nature** de Sarria, que se amplía a dous días e terá a 16 artistas no seu cartel.

Para rematado agosto destaca Festival **Terra Brava** do Incio coa participación de aqueles que queren poñer en valor o traballo de grupos galegos por facerse oír nun contexto no que cada vez se aposta máis pola creación musical propia. Mención aparte merece o **Agrocuir**, unha iniciativa celebrada no rural que ten como obxectivo reivindicar a diversidade sexual e de xénero neste ámbito. Aínda non hai programa sobre a súa continuidade.

**SETEMBRO.** Abrirán o mes de setembro outras tres citas, o **Tremeterra** do Incio e o **Osa do Mar** de Burela, ao que se suma tamén o **Xara Fest** en Ribadeo. Completan o mes outros dous festivais, o **Parga Rock**, que se celebra na parroquia de Guitiriz que lle da o nome, e o **Caudal Fest**, den Lugo, do que tamén hai xa cartel.

Pero antes de que acabe o ano Lugo completa a programación festivaleira con tres novas citas. a primeira é en outubro o **Castaño**. Ese mesmo mes terá lugar o **Festiblus** e rematará o ano o **Festival de Jazz**, que se prolongará durante tres semanas na capital da provincia.



### PROGRAMA

- Sarria Blues no Camiño (3-6 agosto)
- Verbena Fest Sarria. (4-5 agosto)
- Festiullooa. Monterroso (4-5 agosto)
- Pardiñas. Parga-Guitiriz (4-6 agosto)
- Festival Folclórico San Cibrao (5-6 agosto)
- Festival Folclórico do Emigrante. Barreiros (6 de agosto)
- Bay y Gay. A Mariña (todo agosto)
- 27373. Begonte. (12 agosto)
- Rabafolc. Rábade (mediados agosto)
- Trece Roes Fest. Pantón (18-19 agosto)
- Ribela Love&Nature. Sarria (18-19 agosto)
- Fich Chantada (mediados de agosto)
- Pozo Mouro. Muimenta (19 agosto)
- Terra Brava. O Incio (25-26 agosto.)
- Agrocuir. Monterroso. Finais agosto. Sin confirmar
- Tremeterra. O Incio (1-2 setembro)
- Osa do Mar. Burela (1-2 setembro)
- Xara Fest. Ribadeo (2 de setembro)
- Parga Rock. Parga-Guitiriz (9 setembro)
- Caudal Fest. Lugo (15-16 setembro)
- Castañazo. Lugo (27-28 outubro)
- Festival dos Eidos. Folgoso Finais outubro
- Festiblus. Lugo (14-22 outubro)
- Festival de Jazz. Lugo (4-20 novembro)

## NOVAS

foz

## O Noso Foz prepara diversos actos para celebrar San Lourenzo

A asociación O Noso Foz, organiza xunto o Concello, diversos actos para celebrar San Lourenzo que inclúen moita música. Esta cita será dende os días 8, 9, 10 e 11 de agosto. As festas comezarán o martes 8 de agosto ás 20.30 horas co pregón a cargo de Francisco Javier Alonso 'Chingla', no Campo da Cabana. Acto seguido será o concerto de Mar aAberto tamén no Campo da Cabana.

O mércores 9 a xornada comezará ás 22.30 horas coa verbena a cargo do grupo Beatriz e a orquestra Fania Blanco Show na explanada portuaria.

O xoves 10 será a quenda da sesión vermú ás 14.00 horas coa orquestra Miramar na explanada portuaria. Pola noite ás 21.30 horas será o concerto do trío Nostalgias de Vigo, na praza Conde de Fontao. A medianoite haberá un espectáculo pirotécnico de fogos de artificio seguido da verbena coas orquestras Miramar e Finesterre.

O venres 11 na explanada portuaria haberá verbena coa orquestra Marbella e grupo Bomba ás 22.30 horas. Ademais a asociación O Noso Foz vén de publicar o libro das festas que ademais de interesantes artigos, conta coa programación do verán.

## As Noites de Foz continuarán neste mes de agosto



O alcalde e a concelleira de Xuventude deron a coñecer a programación das noites máis movidas do verán.

Estas actividades son para nenos a partir de 10 anos e para participar será necesario a previa inscrición o primeiro día antes de cada torneo.

O 1, 2 e 3 de agosto haberá wipeout, o 15, 16 e 17 será a quenda do fútbol sala e o 22, 23 e 24 a do baloncesto.

## A Ribeira de Foz organiza unha nova edición do seu Open de pesca dende embarcación

A asociación A Ribeira de Foz organiza unha nova edición do seu Open de pesca dende embarcación, e que este ano chega a súa quinta edición. Esta cita celebrárase o vindeiro 13 de agosto.

Quen queira participar pode facelo e inscribirse de balde chamando ao teléfono 626 309 804 antes do 25 de xullo. En pasadas edicións, adoitaban ser máis de 35 as embarcacións, nomeadamente de Asturias e Galicia, que participaban dende primeira da mañá, sobre ás 7.30, para saír pescar e volver ao mediodía coas capturas á lonxa para a pesaxe. Ademais haberá premios e agasallos para todos os participantes. Neste open colaboran diferentes entidades focegas como o Concello,



o CCA, El PEZ Rosa, Capturas Pesca Deportiva, Seguros Ges ou Kukadas Pesca Foz.

## Cangas acolle o día 20 de agosto a IX Feira de gando

O Concello de Foz organiza a novena edición da Feira de Gando de Cangas, que se celebrará o este domingo, 20 de agosto.

Neste evento haberá diferentes actividades, desde as 10.00 horas, como paseos a cabalo, exposicións de maquinaria e artesanía, e premios aos gandeiros con maior número de cabezas de gando vacún e cabalar, entre outros actos.

A feira terá lugar na área recreativa dos Castros e contará cunha carpa, na que se poderá degustar polbo á feira, xamón cocido e churrasco, entre outras cousas.



Como todas as feiras deste tipo, haberá premios e carreiras de cabalos de andadura chapeada e andadura serrada.



**DÍAS AZUIS.** Un dos premios dos Días Azuis do Comercio Galego tocou en Foz. A afortunada foi Delia Lorenzo, que recibiu a súa tarxeta regalo por valor de 250 euros en Mercería Vera da man de Laura Fanjul. Na entrega do premio participaron o presidente da Federación Galega de Comercio, José M<sup>a</sup> Seijas, e o presidente de AciaFozCA, José Carlos Paleo.

## A Festa Normanda será os días 24, 25, 26 e 27

A organización da Festa Normanda de Foz informou de que a cita festiva celebrárase os días 24, 25, 26 e 27 de agosto e de que xa está aberto o prazo de inscrición para participar no mercado.

Para asistir ou participar será necesario poñerse en contacto mediante correo electrónica en: [mercadonormando@gmail.com](mailto:mercadonormando@gmail.com).

A Festa Normanda rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense.

Polo momento non hai confirmación do programa completo pero dende a organización aseguran que "a parte do ocio e festa está asegurada como todos os anos e contaremos con animación polas rúas".

"Este ano a intención é mellorar e aumentar a parte cultural, aumentar a presenza de actores profesionais coas empresas Ulf



klan e Gesta Regnorum e algunhas máis", din desde a organización. Tamén podería recrearse como en anos anteriores na praia focega de Tupide, o desembarco viquingo e o combate entre a poboación e os invasores normandos.

## Acordo para un Goberno progresista conxunto



O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro Francisco Xavier Fanego asinaron o acordo para un goberno progresista conxunto en Foz, no que o candidato do Bloque será de novo primeiro tenente de alcalde.

O rexedor municipal socialista, Fran Cajoto, amosouse moi satisfeito pola sinatura dun acordo que "vai permitir seguir coa estabilidade en Foz e continuar cos cambios que o concello necesita para consolidarse como a referencia da Mariña. Buscamos un goberno de coalición pero un goberno único, no que se respecten as áreas de goberno e que permita avanzar nos cambios que precisamos. Temos retos moi importantes e con este acordo sentamos as

bases para corrixir os erros que se puideron producir na pasada legislatura. Foz está medrando e debemos medrar con el. O compromiso con Foz é total, debemos estar á altura do que o noso concello merece".

O concelleiro nacionalista Francisco Xavier Fanego, que será primeiro tenente de alcalde, afirmou: "Estamos satisfeitos de ter podido chegar finalmente a un acordo. A lectura que fixemos despois da primeira reunión antes da investidura provocou unhas manifestacións públicas que a tenor das reunións mantidas durante a pasada semana debemos matizar, xa que se deu o clima necesario para falar e chegar a acordos nun bo ambiente."

## Rematados os trámites de expropiación para a nova EDAR

O Concello de Foz rematou os trámites de expropiación de terreos para a nova depuradora e está pendente de recibir de Augas de Galicia o proxecto construtivo da EDAR, que acumula máis de seis anos de retraso respecto ao convenio asinado.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, informa que o Concello “consignou na Caixa Xeral de Depósitos o importe total das valoracións das fincas que foron expropiadas para a construción da nova depuradora, cantidades que xa están a disposición dos antigos propietarios. Con este trámite o Concello de Foz rematou a posta a disposición de terreos para executar a obra, á espera de que Augas de Galicia cumpra coa súa parte e remita ao Concello de Foz o proxecto construtivo definitivo e comece os traballos”.

“Unha das nosas principais preocupacións é que o proxecto construtivo responda ás necesidades de Foz, que sexa completo e minimize as afeccións aos veciños. Despois da revisión do borrador inicial encontramos deficiencias, que foron tratadas en reunións con técnicos de Augas de Galicia e nas que se corrixiron cuestións como a proxección dun tanque de tormentas completo na praia de Llas para evitar vertidos ao areal, tal e como marcaba o anteprojecto, ou unha axeitada reposición dos vias afectados de titularidade municipal”, indica o rexedor municipal.



ción dun tanque de tormentas completo na praia de Llas para evitar vertidos ao areal, tal e como marcaba o anteprojecto, ou unha axeitada reposición dos vias afectados de titularidade municipal”, indica o rexedor municipal.

**PROXECTO.** Augas de Galicia está a piques de rematar o proxecto dos colectores e da nova depuradora. Para as obras executarase unha nova depuradora en Caldouceiro cun caudal máximo de 700 m<sup>3</sup>/hora e capacidade para atender a 22.342 habitantes, con 2 liñas de desbaste, desareado-desengrasado, trata-

mento biolóxico por ultravioleta e liña de lodos.

Construirase tamén un novo tanque de tormentas, situado no punto baixo da conca principal, ao lado da actual depuradora, con capacidade para 1.000 m<sup>3</sup> e dotado de 3 bombas centrífugas somerxibles, medición de caudal e funcionamento autónomo con envío de datos. Ademais ampliaranse o caudal e a capacidade dos bombeos actuais e disporanse de 4,7 quilómetros de novas conducións.

A actuación está cofinanciada con fondos europeos FEDER no marco do programa operativo 2014-2020.

## Comezan as obras do proxecto de estabilización de Llas



Xa está en marcha o proxecto de rexeneración para a zona que inclúe a eliminación de especies exóticas e restauración con autóctonas, así como a estabilización medioambiental. No proxecto contéplase tamén a posta en valor do sistema dunar desta praia coa colocación de paneis divulgativos. Tamén se prevé o encauzamento do afluente central da praia mediante pilotes de madeira, evitando así a erosión e deterioro desta zona ocasionado polas avenidas periódicas

producidas na devandita contorna. Esta empalizada de madeira terá uns 50 metros de lonxitude e contará con vexetación.

Así mesmo, están proxectadas tres pasarelas de madeira de pono que partirán dunha pequena plataforma, unha delas contará cun miradoiro na súa zona intermedia para poder divisar a área dunar e a praia. Este proxecto conta cun investimento de 412.000 euros para a realización das diversas melloras na praia de Llas.

www.compraenFOZ.com

Cumprimos 35 anos

*Facendo Pobo*

*Compra na túa vila*

1988 / 2023

35

CCAFOZ

centro comercial aberto

CCAFOZ

XUNTA DE GALICIA

Concello de Foz

## Vanse desenvolver actividades e unha aula de natureza no campamento de Area

Vanse desenvolver actividades náuticas e deportivas e unha aula de natureza mariña no campamento de Area, en Viveiro, e ofertaranse cinco quendas durante os meses de xullo e agosto.

O programa inclúe actividades náuticas como vela, windsurf, esquí acuático, caiaç ou snorkel; unha aula de natureza mariña; olimpíadas de terra e mar; diversión na praia con xogos de voleibol, slackline, paddle surf, cometas de tracción e palas. Tamén realizan excursións.

O obxectivo destas accións é que os nenos e mozos disfruten das vacacións ao tempo que se lles facilita ás familias un recurso de conciliación durante a tempada de verán.

## Segue a Ruada de Contos de verán

O Concello segue coa nova edición da Ruada de Contos, un evento xa consolidado no verán para a cativada viveirense.

Con esta iniciativa, o Concello busca, en palabras da concelleira Lara Fernández Fernández-Noriega, “poñer en valor un sitio tan emblemático e tan bonito como é o parque Pernas Peón”, onde terán lugar os contacontos. En caso de choiva, serán na Sala Multiusos do Concello.

A Ruada de Contos xa comezou e seguirá o vindeiro xoves 10 de agosto ás 19.30 con As Minas do rei Salomón, de Ghazafellos.

“Esperamos que a edición deste ano sexa do agrado da cativada de Viveiro”, indica Fernández Fernández-Noriega.

## O Resurrection recibe unha subvención

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades acaba de publicar a adxudicación de 575.000 euros en axudas a 26 festivais galegos de carácter profesional, dos cales 16 son de música e 10, de artes escénicas. Contribúen así a través destas subvencións, á organización de eventos considerados estratéxicos nos seus ámbitos por impulsar a actividade cultural á vez que a económica. Na modalidade de festivais musicais, distribúense 360.000 euros entre as 16 citas beneficiarias neste 2023. O Resurrection Fest, que vén de pechar a súa 18ª edición en Viveiro, acadou a segunda maior cantía ao recibir 34.847 euros.

## O Centro Comercial Histórico lanza unha app de fidelización



O Centro Comercial Histórico de Viveiro vén de lanzar unha aplicación de fidelización para clientes que xa está dispoñible nas diferentes plataformas.

Con esta tecnoloxía os clientes poderán coñecer de primeira man as ofertas, as novidades nos comercios e tamén acumular un tanto por cento de saldo para descontar nas vindeiras compras.

Para celebrar este lanzamento a asociación sorteará 600 euros repartidos en vales de desconto de 20 euros, 60 entradas para os cines de Viveiro e 30 entradas para Nautilus Centro de Ocio. Para participar haberá que subir á app ou tiquet de compra realizado no comercio local asociado.

Esta app de fidelización de clientes é unha iniciativa que conta cun apoio do goberno galego en máis de 6.000 euros a través do programa do fon-

do tecnolóxico, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia, destacou na presentación da app, a aposta da Xunta de Galicia pola transformación dixital e sustentable do comercio de proximidade galego, así como o desenvolvemento de novos modelos de negocio e a formación, para impulsar así a competitividade dun sector clave para a economía e o emprego das vilas e cidades galegas.

Tamén destacou o papel que están a xogar as asociacións de comerciantes na dinamización do sector, salientando que a colaboración con estas entidades é fundamental na estratexia de impulso ao sector que desenvolve a Administración autonómica.

## O Campamento Urbano comezou a segunda quenda



O Campamento Urbano de Verán do Concello de Viveiro comezou a súa segunda quenda o pasado luns para facilitar a conciliación.

“Con este campamento buscamos favorecer a conciliación familiar cunha alternativa de ocio saudable e á vez que pedagóxica, na que se fomentan o xogo, o deporte e a expresión artística, ademais de valores como a convivencia ou o respecto entre iguais”, explica María Loureiro. Esta semana, os nenos e nenas tiveron actividades con kayaks e nos próximos días terán inchables, Entroido de Verán, o Día do Pirata e ou-

tras iniciativas deportivas e de lecer. Ademais do campamento, no verán está aberta a escola infantil municipal e o concello colabora con outros clubs e entidades noutras actividades, como os cursos de ximnasia rítmica e outros deportes, cedendo as instalacións municipais.

O campamento de verán está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2011 e 2019, ambos incluídos, de luns a venres en horario de 08.30 a 14.15 horas, con entrada flexible ata as 10.00. Haberá quendas ata finais de agosto.

## O Concello consegue a titularidade da explanada da variante



O Concello vén de conseguir a titularidade de varias parcelas ubicadas nas inmediacións do paseo marítimo, entre elas a explanada da variante.

Despois de varios anos de xestións e trámites, a alcaldesa María Loureiro asinou co Goberno do Estado o documento de cesión das parcelas.

Nos próximos días, Loureiro reunirase cos veciños da zona para explicarlles a tramitación e as xestións que houbo que facer, así como as actuacións que ten previsto facer o concello na explanada da variante e o resto das parcelas.

Loureiro agradece “a receptividade e a colaboración do

goberno para acadar por fin un acordo de cesión, moi beneficioso para Viveiro”.

Neste sentido, cabe subliñar o importante e arduo traballo que se leva facendo dende o concello, resultando un proceso máis longo do inicialmente esperado que puido chegar á cesión final grazas á preocupación e insistencia do concello. Ademais de tratarse dun proceso longo, requeriu da intervención de varias administracións pero, finalmente, permitiu que o concello conte coa titularidade dos terreos afectados e poida definitivamente proceder ao arranxo das zonas obxecto de cesión.

## Viveiro celebrará en agosto a 3ª Feira da Cervexa Artesá

Viveiro celebrará do 3 ao 6 de agosto a 3ª Feira da Cervexa Artesá de Viveiro nos Xardíns de Noriega Varela. A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e Lara Fernández Fernández-Noriega, presentaron a iniciativa xunto a representantes da organización, a cargo de La Ruta del Lúpulo. A cita incluírá obradoiros, concertos, xogos populares, así como catas e foodtrucks.

“Este evento diversifica a oferta cultural e gastronómica da nosa vila, especialmente na tempada de verán, engadindo un novo atractivo turístico para as persoas que nos visitan”, sinala a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.

Na cita, poderán probarse ata 60 tipos de cervexas artesás, ademais da cervexa local “Xistral”, que colabora na organización do evento. Á experiencia gastronómica, súmase unha importante oferta cultural



na cita. Contarase co DJ Francis, ademais dos concertos de Los Pontiaqs, Blackjack e Plan de Fuga, ademais de obradoiros infantís, entre outras actividades.

“Retomamos un evento cuxas edicións pre-pandémicas foran multitudinarias. Ampliamos así o tipo de eventos que se celebran na nosa vila, situándoa como referencia na Mariña”, conclúe Lara Fernández Fernández-Noriega.



# Paco Salgueiro visibiliza a Feira das Maulas 2002 nunha montaxe

Paco Salgueiro vén de facer unha nova montaxe, de 20 minutos, sobre Feira das Maulas 2002 para lembrala e visibilizala en redes sociais, pois “contou con moito esforzo de veciños e colaboradores”, dixo.

A edición da centenaria Feira das Maulas de maio do 2002, na parroquia de Galdo en Viveiro, estivo marcada por un interesante contido cultural que a fixo diferente a todas as anteriores, e cuxo impacto non foi superado por ningunha das posteriores.

Así, a comisión de festas creou para a ocasión unha revista e fíxose unha exposición de fotografías antigas, cun único propósito, achegar a historia de Galdo aos seus veciños.

“Nas Maulas 2002 contouse coa participación de Bagoas da Terra e dos Maios de Viveiro, para animar os coñecidos actos tradicionais de cada ano, o mercado gandeiro, as carreiras de cabalos, sesión vermú e verbena, partido de fútbol e misa con procesión”, engade Salgueiro.

Para a montaxe, Salgueiro dixitalizou a revista editada pola comisión así como todas as fotos da exposición e reuniu nunha entrevista a catro dos cinco membros da comisión que levaron a cabo esta proeza.

A comisión de festas dese ano estaba formada por Lida, M<sup>ª</sup> Luz, Vi-



cente, Loiso e Ramón, e ademais contaron coa colaboración de dous destacados historiadores, Enrique Cal Pardo, orixinario de Galdo, e Carlos Nuevo Cal.

“Estes cinco membros lograron editar unha revista cunha breve historia de Galdo, cunha tirada próxima ao medio milleiro de exemplares,

que repartiron entre todos os veciños e quedaron escasos ante a numerosa demanda”, di Salgueiro.

“Quero tamén lembrar a José Manuel Moreno Moreno, coordinador no seu momento da exposición fotográfica, xa que o pasado 26 de xullo o cabodeano do seu falecemento”, remata dicindo.

## O buque escola Atyla atracará na vila

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, promove a xira do buque escola Atyla por distintos peiraos autonómicos para divulgar o patrimonio marítimo tanto material como inmaterial da comunidade e a educación azul. A súa estada nas distintas dársenas contribuirá á formación nos valores do mar e a impulsar a remuda xeracional na actividade marítimo-portuaria.

O buque Atyla realizará un percorrido con escala en seis portos autonómicos nos que abrirá as súas portas gratuitamente aos visitantes que desexen coñecer a propia embarcación e o labor divulgativo que realiza de xeito habitual a Fundación Atyla. Ademais acollerá actividades formativas e pequenas saídas de navegación con visitantes a bordo. Tanto as visitas como as saídas son totalmente de balde, pero os interesados deben inscribirse previamente na páxina web na Fundación Atyla.

O Atyla iniciou a súa travesía desde o porto de Vigo e o do 7 ao 9 de agosto estará en Viveiro.

## A XLIII Mostra Folklórica Internacional de Viveiro será do 1 ao 7 de agosto



Dende a Asociación Bagoas da Terra informan dos preparativos da nova edición da XLIII Mostra Folklórica Internacional de Viveiro, que este ano se retoma do 1 ao 7 de agosto.


O colectivo viveirense comunicou que o este ano abrirá a mostra unha exposición sobre indumentaria tradicional das zonas que atravesan o Camiño de Santiago francés.

O resto dos días complementaranse

cos tradicionais eventos, como a Mostra Infantil, o Concerto Folk, o Desfile das Nacións e a Gran Gala dominical. Un dos grupos que participará será o Ballet Alas de mi patria de Chile. Haberá tamén espectáculos e actuacións nos Xardíns Noriega Varela e actuacións musicais polas rúas.

Estes días Bagoas da Terra continúa con moita actividade cos ensaios intensivos para a Gala Internacional.

## Adxudicadas as obras para a nova pista de skatepark na zona de Lodeiro



O Concello de Viveiro celebrou diversas mesas de contratación, entre elas a destinada á tramitación das obras para a nova pista de skatepark na zona de Lodeiro. Na mesa de contratación celebrada deuse conta do informe de valoración técnica, procedeuse á apertura de ofertas económicas e realizouse xa unha proposta de adxudicación. As obras contan cun orzamento base de licitación de 131.000 euros.

A construción desta pista permitirá á veciñanza dispor dunha nova área de lecer na vila coas medidas de seguridade e técnicas que exige un espazo destas características, dotado ademais

de ramplas con diferentes niveis, obstáculos e distintos elementos patinables.

Coa construción deste Skatepark damos resposta a un espazo moi demandado polos veciños e veciñas de Viveiro”, subliña a alcaldesa María Loureiro.

“Para poder levar a cabo esta pista foi necesario falar con monitores de skate sobre os elementos que precisaría unha área destas características, con técnicos municipais e con arquitectos expertos na elaboración deste tipo de proxectos. Finalmente valorouse que a mellor localización na vila sería na zona de Lodeiro”, recorda María Loureiro.



# Marfer

INFORMÁTICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







**EXIT ERP**  
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

## A Ocioteca de Verán fixo a actividade ambiental, A mar de limpo e a mar de sucio



Os nenos de maior idade da Ocioteca de Verán participaron nunha actividade de concienciación ambiental denominada *A mar de limpo e a mar de sucio*.

As monitoras do Centro Gaia realizaron unha saída a unha zona do paseo marítimo á altura da praia de Ril e elaboraron un mural representando un areal limpo, no que reflectiron area, cunchas, pedras, algas, restos de ósos de lura, restos

de ovos de peixe raia, e incluso os colectores e a bandeira. E outro completamente cheo de residuos no que se podían ver latas, cabichas, botellas, bolsas, bastonciños, vasos de plástico, tapóns, restos de cordas, etc. As monitoras explicáronlles a importancia de usar sempre as papeleiras e os contedores “porque todo o que está no chan dalgunha maneira remata no mar e posteriormente nos nosos areais”.

## O PP urxe ao mantemento da zona de xogos do parque Rosalía de Castro

O PP de Burela advirte das numerosas queixas de pais e nais de menores que usan a zona de xogos do parque Rosalía de Castro polas numerosas incidencias que se rexistran. Nese sentido, os populares pídenlle ao goberno local que xestione debidamente o mantemento das instalacións municipais ante “a falta de tacto, eficiencia e eficacia por parte do goberno bipartito que os veciños

e veciñas estamos a apreciar”. “Xa había semanas, e incluso meses, que algúns pais denunciaran o mal estado dunha das instalacións da zona de xogos do parque pola inseguridade que supuña para os pequenos; pero non foi ata agora, en plena campaña estival, cando se tomaron medidas que chegaron da man da Policía Local”, explican os populares.

## O Festival Osa do Mar xa ten o cartel completo

O Festival Osa do Mar de Burela confirmou xa o cartel de artistas que estarán na súa nova edición que se celebrará os días 1 e 2 de setembro. Xa fai unhas semanas fixeron as primeiras confirmacións nas que estarán Bala & Lúa Mosquetera, Caamaño & Ameixeiras, Carlangas, Fillas de Cassandra, La Paloma, Sexy Zebras e Shego.

Así, a este cartel sumáronse Ángel

Stanich, Batuko Tabanka, Catuxa Salom, Eme DJ, Grande Osso, \_Juno, Medio Quinhón, Óscar Fédez & Leo Salinas e Xoel López.

“Sen o apoio das institucións non seríamos capaces de sacar adiante o Osa do Mar”, dixeron, e aclararon que o Festival Osa do Mar “é un festival sen ánimo de lucro e organizado 100% e desde o inicio pola Asociación Cultural Fanto Fantini”.

## A vila contará cun comité de praias para mellorar os areais

Burela converterá os areais en espazos máis vivibles. Así o asegurou a alcaldesa, Carmela López, tras a xuntanza mantida polo comité de praias na que se abordaron cuestións como a limpeza ou a falla de socorristas. A rexedora e presidenta do comité de praias contou que “o que fixemos neste encontro foi por en valor os centros azuis (a Aula Medio Ambiental Gaia e o barco museo Reina del Carmen), onde se izará a bandeira marcando este como o acto institucional principal”.

Enriba da mesa estivo tamén a escaseza de socorristas: “abordamos a problemática que sufrimos un verán máis ante a falla de socorristas e a xestión realizada desde Burela ao contratar aos técnicos sanitarios”. A rexedora contou que “tamén analizamos a limpeza que estamos a realizar nas praias, así como as inversións que estamos a facer en sinalización e en mobiliario, investimos en cambiadores novos porque precisan ser substituídos. Levo a Concellería de Medio Ambiente e son a presidenta deste comité de praias e quero investir e darlle un xiro á vida das nosas praias porque xullo e agosto non son suficientes”. López subliñou que “a proposta que levei a esta reunión é converter as praias en espazos máis vivibles,



queremos que a vida nos areais non se limite so aos meses de xullo e agosto, senón que é preciso anticiparse en todo, é dicir preparar as praias antes e que a partir de xuño poidamos gozar delas”.

O secretario do comité de praias, Mario Pillado, sinalou que “empresamos aos membros do comité a unha nova convocatoria trala tempada estival para facer balance da mesma, así como tamén anunciamos que o vindeiro ano farase unha convocatoria previa, na primavera, para preparar a nova tempada de verán. Deste xeito buscamos a maior anticipación e previsión posible”.

O comité de praias está formado por: Carmela López Moreno (Alcal-

desa e presidenta do comité); Ramiro Fernández Rey (Concelleiro de Obras e Servizos e coordinador do comité); Mario Pillado Mon (Concelleiro de Educación e secretario do comité); Félix Alberto Martins Gonçalves (representante do grupo municipal do Partido Popular); Alberto Eiroá Pérez (representante do grupo mixto); Juan Luis Moreno Cazorla (representante da empresa de abastecemento e saneamento de auga); Luis Torre e Belén González (representantes da empresa de xestión dos residuos); Jose Emilio García López (xefe de Protección Civil); José Manuel Rey Barcia (representante da asociación de veciños O Vencello) e Manuel Vicente Galdón Couto (xefe da Policía Local).

## O Concello aposta por darlle vida aos barrios históricos con cine

O Concello aposta por darlle vida aos barrios históricos da vila aos que achegará o cine ao aire libre este verán. A primeira sesión de Cine na Rúa xa coemzou e proxectouse *Lightyear* 2022.

Haberá máis Cine na Rúa o 10 e o 18 de agosto e “queremos potenciar e abrir este tipo de eventos noutras zonas da vila como son as Casas Baratas, saíndo así das prazas habituais”, dixo a concelleira de cultura, Lina Gómez, que agarda que “esta novidade teña unha boa acollida” “Con esta actividade queremos promover a cultura do cine. Asemade queremos potenciar e abrir este tipo de eventos noutras zonas da vila como son as Casas Baratas, saíndo así das prazas habituais. Incluso unha veciña do barrio nos contou que lle parecía unha boa idea, e que lle recordaba á súa nenez cando proxectaban nunha saba as películas”.

A alcaldesa, Carmela López, subliñou



que “planificaremos e publicaremos calendarios mensuais que conteñan toda a oferta que hai en Burela, coordinando as áreas transversalmente e tentando darlle vida a todos os barrios da vila. Nos vindeiros días daremos a coñecer todas as actividades culturais, estivais e deportivas das que tanto a veciñanza como os visitantes poderán disfrutar”.

**ACTIVIDADES.** As actividades de

verán terán lugar ata 31 de agosto, segundo deu a coñecer o concelleiro de Deportes, Carlos Méndez. Están destinadas a nenas e nenos nados entre os anos 2010 e 2016. Haberá xogos na praia os luns, rutas en bici os martes, happy dance os mércores, que será impartido por Belinda (Ximnasio Hawk) e rutas de sendeirismo os xoves. O prezo da actividade será de 8 euros ao mes por actividade.

# O emblema da vila burelesa

Burela é a capital galega do Bonito do Norte, tanto por tradición como por volume de capturas, por iso adícalle en agosto unha feira

O salón de plenos de Burela acolleu a presentación da Feira do Bonito e de Produart, que terán lugar a primeira fin de semana de agosto. Na súa intervención a alcaldesa, Carmela López, sinalou que “xa son 37 anos celebrando unha forma de pescar tradicional e sostible coa nosa Feira do Bonito e máis de 20 acompañando a mesma coa Feira Produart. Desde o ano 83, esta Feira, que na súa orixe era o sábado á tarde, cando repartía daquela a ración principal, foi medrando e á mesma se foron sumando outras actividades que hoxe presentamos e que a fan máis especial. Sentimos orgullo de pobo polos voluntarios e voluntarias que fan esta feira posible e por todas as entidades colaboradoras”.

A XXXVII Feira do Bonito de Burela terá lugar os días 5 e 6 de agosto, e tamén contarán coa Semana Bonita de Rebaixas nos establecementos asociados a Acia Burela. Haberá ademais actividades deportivas e tamén quedada de coches clásicos. O 5 de agosto ás 13.30 horas será o pregón a cargo de David López Mon e a continuación terá lugar a tradicional degustación de bonito. A oferta gastronómica brinda dúas opcións: a tapa de salpicón por 3 euros e a ración clásica (de bonito cocido, bonito asado á grella e empanada) por 9 euros. Pola tarde terán lugar tres concertos ás 20.30 horas no recinto da Feira: Pauliña, Ruxe-Ruxe e Dj Chente.

O domingo 6 de agosto seguirán as actividades da Feira. Ás 11.30 horas terán lugar as actividades infantís a cargo de Xogando nas Nubes. Ás 13.30 horas abrirase a degustación de marmitako, acompañada nesta ocasión dunha sesión vermú cos grupos Superglú e Escuchando Elefantes. Seguidamente, será a entrega de premios do VII Concurso Internacional de Pintura Mural Amarte.

A intensa axenda de actividades rematará coa proxección do documental Morabeza, de David López Mon, na Praza do Concello, seguida



de coloquio con persoas protagonistas e o autor da peza.

**PREGÓN.** O encargado de dar o pregón nesta edición será David López Mon, director burelés premiado con el Premio Mestre Mateo 2023 e fundador de Kaito, unha produtora creativa especializada en contidos dixitais.

Dende a organización dixerón que pasou “de cargar racións de bonito dende ben pequeno, a cargar un Mestre Mateo”. López Mon tamén fixo o documental Morabeza, que foi presentando na feira Expomar 2023.

**CARTEL.** A Sociedade Cultural Leticia de Burela vén de resolver o concurso de cartéis convocado co gallo da XXXVII Feira do Bonito que se



celebrará o 5 e 6 de agosto.

Esta nova edición, contará co apoio do Concello de Burela, empresas e institucións que habitualmente colaboran para levar adiante a Feira do Bonito.

A gañadora foi Shiva Eliska Alinda Nurhakim e o seu deseño servirá para o programa de man. Dende a asociación agradecen a participación de todos.

**QUEDADA.** A Asociación Autoclásicos A Mariña lucense informou que está a preparar a III Quedada de vehículos Feira do Bonito de Burela que será o 5 de agosto de 2023.

Esta nova edición contará co apoio do Concello de Burela e da Sociedade Cultural Leticia de Burela, empresas e institucións que habitualmente colaboran para levar adiante a Feira do Bonito. Esta cita terá unha

degustación de bonito do norte á grella, cocido, en empanada e en tapa de salpicón. E para participar será necesario anotarse chamando aos teléfonos 650 046 889 ou 675 945 124. O prezo da inscrición é de 15 euros por persoa.

**PRODUART.** O 4, 5 e 6 de agosto celébrase unha nova edición de Produart en Burela na nave de redes do peirao burelés con entrada gratuíta. Unha feira que ten como obxectivo achegar o artesanal e sostible aos consumidores.

Trátase de dar visibilidade a produtores e comerciantes da nosa comarca e puntos cercanos cos seus produtos de calidade, innovadores e ecolóxicos.

Grazas á Fundación Expomar, os asistentes acudirán a obradoiros e

conferencias así como terán acceso a actividades infantís.

Polo momento non está definido o programa para esta edición pero manterá unha liña parecida aos anteriores anos, unha disertación sobre o patrimonio da costa lucense, demostracións e obradoiros en directos.

Produart é unha plataforma de exposición comercial-feiral que tenta poñer en contacto a produtores, comerciantes e consumidores que apoiem o desenvolvemento dos recursos da comarca, e doutras lindes, así como doutros puntos do estado español, desde a óptica da sustentabilidade e da conservación do medio.

Como feira de produtos ecolóxicos e artesanais, Produart é o fiel reflexo dos valores da sustentabilidade dos recursos pesqueiros, tradición artesanal e patrimonio cultural. Así, desde esta plataforma búscase o desenvolvemento dos sectores relacionados con outra forma de produción non agresiva: a ecolóxica e a artesanal.

Dende a organización buscan promover entre os visitantes as ideas de sustentabilidade e de respecto á contorna, servindo ademais como reclamo da actividade turística da zona, que busca a calidade e apostar por estas maneiras de vida.

**TAPEO.** A terceira edición do Tapeo Bonito celebrouse na hostalería a finais deste mes de xullo

Nesta cita gastronómica participaron un total de catorce establecementos da localidade con pratos e tapas que enxalzaron esta xoia gastronómica. Veciños e visitantes puideron gozar da frescura e cualidades deste túnido, así como das dotes culinarias da hostalería burelesa, que presentaron aos seus clientes o produto con receitas tradicionais e de vangarda que potencian o seu sabor.

Nesta edición introduciuse como novidade un tren turístico gratuíto que realizou un circuito por todos os locais participantes.

## VII Certame de Pintura Amarte 2023

O Concello de Burela fixo públicas as bases do VII Certame de Pintura Mural Amarte, que se desenvolverá do 3 ao 6 de agosto, coincidindo coa celebración da Feira do Bonito. A concelleira de Cultura, Lina Gómez, dixo que “estamos diante da sétima e última edición de Amarte por limitacións de espazo no muro portuario. E a ela queremos convidar a participar aos artistas locais e comarcais que pola súa traxectoria

se considere que son merecedores da invitación”.

A edil burelesa explicou que “serán nove os murais que se pintarán e que terán unhas dimensións de 5,90 metros por 2,10 metros. As obras deberán ser completadas nun máximo de catro días de traballo, entre o 3 e o 6 de agosto. A distribución dos murais, que terán como temática o mundo do mar, farase por sorteo”.

O Concello de Burela destina aos premios do VII Certame de Pintura Mural Amarte un total de 4.400 euros. Lina Gómez indicou que “o gañador recibirá 1.200 euros, o segundo premio está dotado con 800 euros e o terceiro con 600 euros. Ademais cada participante non premiado recibirá 300 euros”.

A participación neste concurso supón aceptación plena das súas bases.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com

## Rinlo acollerá o 5 de agosto unha nova Festa do Percebe

A parroquia de Rinlo, en Ribadeo, acollerá o vindeiro sábado 5 de agosto, unha nova edición da Festa do Percebe, onde os asistentes poderán degustar este crustáceo das costas galegas, a prezos inmejorables.

Desde primeiras horas da mañá os organizadores da festa, traballarán para elaborar os percebes na carpa que se instalará para a ocasión na lonxa. Ademais contarán coa actuación de DJ Litainer.

Esta cita gastronómica únese ao calendario festivo da Mariña e ás demais citas gastronómicas que acolle a comarca durante a tempada do verán.



## Inaugurada a rúa Ribadeo na localidade gala de Loctudy



O pasado sábado 1 de xullo de 2023 varios veciños e veciñas de Ribadeo e Loctudy asistiron ao acto de inauguración dunha rúa que vai levar o nome de Ribadeo.

A tenente de alcalde do Concello de Loctudy, en representación do alcalde, Maryce Bernicot pronunciou unhas palabras en recoñecemento da fonda amizade e intercambio vivido por Ribadeo e Loctudy ao longo destes anos.

Na vila bretoa desexan continuar

con esta experiencia de intercambio cultural. Pola súa banda, e no nome do alcalde de Ribadeo, Daniel Vega, leron unhas verbas de recoñecemento de dito irmanamento e o desexo mutuo de continuar co mesmo. A Asociación de Irmandade Ribadeo-Loctudy convida a informarse e formar parte dela ou para participar en actividades, enviando mensaxe ao correo [irmandade.ribadeo@gmail.com](mailto:irmandade.ribadeo@gmail.com) ou mediante WhatsApp ao 629 475 299.

## Activado un plan municipal de conservación do equipamento

O Concello activou un plan de conservación do equipamento urbano, que se une ao da limpeza viaria iniciado o pasado luns.

O alcalde, Dani Vega, lembrou que “desde o Concello activamos un plan de baldeo e limpeza. Na vila estamos actuando e eliminando toda a sucidade que había nas rúas, no rural estamos a desbrozar toda a nosa rede viaria, xardíns, áreas recreativas ou puntos turísticos como pode ser o

paseo das Aceas, os areais...”.

O rexedor subliñou que “tamén activamos un plan de conservación do equipamento urbano: bancos, papeleiras, macetas, farolas... estamos activando un adecentamento da nosa vila”.

Vega engadiu que “tamén se fixo un baldeo dos contedores e estamos a traballar para dotar dun novo camión e novos contedores á recollida do lixo”.

## Cine, exposicións ou teatro son algunhas das propostas de verán

Festivais, cine, teatro, exposicións, Letras no Campo ou actividades para o público familiar son algunhas das propostas da axenda cultural de Ribadeo para este verán, que hoxe foron presentadas pola concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo.

Sanjurjo contou que “o Festival de Cine Curto de Ribadeo, na súa segunda edición, chegará ás salas do Cine de Ribadeo en agosto e celebrará a gala final no teatro contando con MBIRA-DUO como broche de ouro. Un ano máis teremos Palabras na Varanda, que nesta ocasión recolle textos de Fernández del Riego”.

A concelleira de Cultura seguiu a relatar que “en canto ás artes plásticas, a asociación Francisco Lanza xunto coa familia de Xusto Moreda amosarannos en setembro unha retrospectiva da pintura e cerámica do ribadense, falecido hai un ano. Por outra banda, a asociación Amigos da Gaita celebra o seu día grande o primeiro domingo de agosto. Na sala de exposicións do Campo de San Francisco “gozaremos en agosto da exposición de Vicente Prego”.

Begoña Sanjurjo indicou que “a Banda Municipal de Música de Ribadeo e a Coral Polifónica de Ribadeo, coma todos os veráns, terán un protagonismo especial neste deseño cultural. A Banda ofrecerá o concerto do día de San Roque e



da Patrona. Tamén o Concerto de Músicas de Cine e participará no Festival de Bandas. A Coral, despois da extraordinaria actuación no Festival de Habaneras, deleitaranos cos concertos da Festa da Virxe do Carme e da Patroa Santa María do Campo, participando tamén como é habitual no Pregón das Festas”.

A concelleira de Cultura dixo que “desde o Concello, colaboramos de novo tamén co Festival Bal y Gay, centrado na música clásica e de vocación mariñá e que en 2023 ten como protagonista absoluta a pianista María Joao Pires, que ofrecerá dous concertos en Ribadeo. As entradas para estes dous concertos e para o da soprano Rocío Pérez xa están esgotadas excepto unha poucas que se ofrecerán na taquilla eses mesmos días”

A edil engadiu que “entre as propostas dirixidas ao público familiar está a actuación da Orquestra de Camarote a comezos de setembro. Tamén as que se inclúen na nova edición de Letras no Campo, a feira do libro ribadense que se desenvolverá no Campo de San Francisco do 18 ó 20 de agosto. O último fin de semana de agosto celebraremos o Guateque dos anos 60, organizado por a comisión de Festas. Ademais para chegar relaxados ás festas patronais, o 31 de agosto no auditorio de Cabanela desfrutaremos do concerto minimalista de Arxis Percussion group. E remataremos o mes de setembro cunha función de A Adala, dentro do circuíto de teatro afeccionado da Área de Cultura da Deputación de Lugo”.

## Volve o tren turístico que percorre a vila ribadense



Un ano máis presentouse o tren turístico que desde hai varias semanas percorre o ámbito urbano da vila de Ribadeo. A concelleira de Turismo, Marta Saiz, subliñou que o tren turístico-cultural enxalza o enorme potencial que ten Ribadeo. A nova tempada, que comezou hai unhas semanas, prolongarase ata o 10 de setembro. A concelleira de Turismo engadiu: “podemos dicir que este tren turístico enxalza o enorme potencial que ten Ribadeo. Este ano conta

con nova dirección e dende o Concello e a Área de Turismo quere-mos poñernos á súa disposición e desexarlle moitísima sorte. Entre todos, construiremos un Ribadeo mellor”.

O tren turístico de Ribadeo ofrece oito viaxes diarias con saída desde o Campo de San Francisco, a carón da Oficina de Turismo. Polas mañás sae ás 11, ás 12 e ás 13 horas e polas tardes ás 16, ás 17, ás 18, ás 19 e ás 20 horas.

## Xa está aberta a praia do Cargadeiro

Xa está aberta para o seu uso e disfrute a praia do Cargadeiro, tras as obras de estabilización da baixada acometidas nas últimas semanas.

Estas obras de estabilización foron “moi complexas” debido a que resultaba necesario recalzar e estabilizar a escaleira de baixada que quedou moi deteriorada despois da arribada de pedras e o derrube do terreo e da base que a sustiña. Dende o Concello lembraron que “polo perigo que esta situación provocaba vímonos na obriga de prohibir o acceso á praia. E, dende aquel momento, realizamos xestións coordinadas coa Dirección Xeral de Costas que deron os seus froitos. Dende o Concello asumimos o custe dos proxectos necesarios, ademais doutro tipo de traballos, e por parte do Servizo de Costas asúmese o investimento de máis de 47.000 euros, que é o que custan os traballos de reparación”.

# “Calquera que cree música orixinal ten que desfrutar o proceso”

Os ribadenses Kornucopia fusionan músicas e estilos musicais

Este grupo ribadense ten os seus inicios durante o 2021, onde Sergio Prieto, Rober Galle e Fillo García decidiron investigar novas fusións de músicas e estilos. Tempo máis tarde e baixo a demanda de máis riqueza musical que puidera embeber as súas creacións, sumáronse ao proxecto Pablo Fei e Cherry Fernández.

## Que é Kornucopia?

Un grupo de amigos con ganas de compartir as súas inxerencias musicais e convertelas en algo diferente e orixinal, mesturando as raíces musicais da nosa terra con outros estilos. Queremos crear música sen encaixarnos de ningunha forma, dunha forma totalmente libre e cunha forma de compoñer un pouco diferente á que estábamos acostumados, engadindo os instrumentos que pida cada canción que, obviamente, estean ao noso alcance.

## Como xorde?

De casualidade, saíndo da pandemia, tres amigos que coinciden nunha pequena xuntanza ó aire libre, con instrumentos de por medio, proban a acompañar a idea que un deles lles mostra. Nese momento, hai unha conexión, un entendemento, algo polo que merece a pena volver a quedar e que parece que se lle pode facer crecer e dar forma pouco a pouco. Ó principio soamente había percusión, baixo e voz, polo que en canto algún tema foi tomando forma, saltaba á vista que quedaba pouco vacío pola parte aguda, e é aí cando se termina de formar o grupo

engadindo as guitarras, banjo, mandolina, e demais instrumentos agudos.

## Quen forma parte do grupo?

Ata agora sumamos cinco integrantes, cinco entusiastas. Coas percusións de Rober, o baixo de Fillo García, as guitarras de Cherry Fernández e Pablo Fei, e a voz Sergio Prieto, temos a sensación de ter unha formación compensada coa que se pode montar un directo rico e variado. Ademais dos citados instrumentos, tamén engadimos coros, percusións tradicionais, banjo, mandolina, ukelele, sen renunciar a nada. É posible que tamén se meta unha trompeta, porque non.

## Por que ese nome?

A cornucopia é un elemento da mitoloxía grega, resumindo bastante é o corno da abundancia, símbolo da abundancia e da prosperidade. Dun xeito poético, este corno queremos encher de moitos e variados sons para crear algo que perdure e que resulte prazenteiro, tanto para nós como para o público.

## Como definen o seu son ou o seu estilo?

Pois a verdade é que non saberíamos como responder a esta pregunta. Sen particularizar membro a membro, temos participado en agrupacións de música tradicional, grupos de rock, pop ou incluso rap, bandas de soul e de swing, orquestras de música clásica e música de cámara... De todo un pouco. Din que “somos o que comemos”. Pois non sei qué pode saír de todo iso.

No noso Instagram temos unha frase que nos define bastante ben que di: “Ás voltas coa fusión”. Hai algo de todo, algo de pop-rock, algo de blues-soul, hai “tradi”, incluso toques de jazz, todo iso definirá o noso estilo. Cando vaíamos sacando os temas, mellor que nos defina a xente.

## Que lles diferencia doutros grupos de rock?

Principalmente, que non nos definiríamos como grupo de rock, para nada. Sí que hai toques e influencias do rock, pero nada máis. De feito, non temos nin batería, esa sí que me parece unha gran diferenza.

## Que é o que máis disfrutan da música?

Calquera que dedique certo tempo en crear música orixinal ten que desfrutar este proceso, o da creación. Isto é común a tódalas formas de arte. É o que máis tempo leva, pero é o momento no que nos podemos expresar con total liberdade. Ser capaz de compoñer unha canción desde unha idea remota e conseguir darlle forma artística de forma que poida, por exemplo, comover a alguén é un proceso moi bonito. Unha vez terminado un tema claro que tamén é divertido e satisfactorio tocalo, interpretalo e compartilo co público, todo ten as súas cousas boas.

## Teñen programado algún concerto proximamente?

De momento aínda non, estamos preparándonos pouco a pouco. Xa temos varios temas que pronto



iremos sacando, pero non é o mesmo gravalos que interpretalos en directo, aínda temos que rodar un pouco en privado no local de ensaio, para subírnos a un escenario con garantías de que vamos a facer algo especial. Pero esperamos facer algún pronto, de feito, xa temos varias propostas.

## Como é o proceso de creación?

Non temos ningún proceso concreto. Ás veces harmonizamos unha melodía de voz que ten pensada Sergio, outras veces partimos dunha liña de baixo... Depende da canción, o que si que temos claro que cada un ten que aportar a súa parte, entenderse co resto, destacar cando faga falta e adoptar un papel secundario cando toque. Tamén nos gusta pensar o que queremos transmitir coa canción, e a partir de aí vemos como encaixa cada un en cada parte. Ademais, cos medios de hoxe en día, podemos gravar cada un varias ideas para un mesmo pasaxe, e escoitalas e analízalas, e elixir a que mellor encaixa. De calquera xeito, o proceso de creación é bastante libre, sen ataduras a ningún estilo concreto.

## Cales son os seus referentes musicais?

Sinceramente, non temos refe-

rentes definidos. Cada un dos integrantes ten os seus, en moitos coincidimos, seguro, pero tamén é seguro que nos que máis coincidimos son os que menos se van a ver representados na nosa música. Ás veces para facer algo orixinal o mellor é non buscar un estilo concreto, ou parecido a algo que xa existe, para así non correr o perigo de copiar. As influencias sempre estarán aí, pero hai que saber cando tirar delas e cando escapar.

## Algún disco que recomendarían para esta época do ano?

Porque, en aparencia, fai o que lle apetece e por ter unha sensibilidade especial, calquera de Beirut, por exemplo, The Flying Club Cup.

## Dentro dunha década, que pensan que estarán facendo?

Mentiríamos se dixésemos que o pensamos algunha vez, de momento deixámonos levar e a ver ata onde chegamos. Ten en conta que somos músicos afeccionados, temos os nosos traballos que nada teñen que ver coa música, polo que seguir con isto só pode significar que sigue sendo a nosa forma de divertírnos no noso tempo libre, así que si dentro de 10 anos seguimos xuntos, será que fixemos as cousas ben. Iso esperamos.

## A asociación de Amigos da Gaita organiza a Xira de Santa Cruz

A asociación de Amigos da Gaita de Ribadeo xa conta coa programación da festa da Xira a Santa Cruz 2023 que se celebrará o vindeiro 6 de agosto.

A xornada dará comezo o sábado 5 de agosto ás 19.30 horas cos pasacalles a cargo de Amigos da Gaita, e continuará ás 20.00 horas no Cine Teatro co pregón a cargo de Felipe Rea Otero e a actuación das escolas de música. Ao día seguinte, ás 12.00 horas no monte de Santa Cruz haberá a tradicional festa amenizada polo grupo Donaire, da Coruña, e as



actuacións das escolas de Amigos da Gaita no Cantón dos Morenos. Tamén haberá diferentes pasacalles a cargo de Axeigo e Recuncheiros..

A continuación será a subida ao miradoiro da área recreativa para pasar unha xornada campestre con comidas no campo e música tradicional galega.

Xa pola tarde, ás 19.00 horas, será a ofrenda floral no Monumento ao Gaitero e despois pechará a cita festiva o concerto de Tres Pesos e Aliboria.

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

# MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS  
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS  
SEGUROS GENERALES

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**  
Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo  
628 126 720 - info@valireylugo.com

## Vanse facer obras en varios camiños con cargo ao Plan Único 2023 da Deputación

A Xunta de Goberno Local vén de adjudicar a obra de arranxo de camiños municipais incluídos no Plan Único 2023 da Deputación por un importe de 184.838,80 euros.

As actuacións, que se iniciarán nas vindeiras semanas, consistirán na limpeza de cunetas e mellora de firmes mediante a aplicación de regos asfálticos ou aglomerados, en función dos tipos de vías.

Con cargo ao Plan Único arranxaranse mediante a aplicación de rego asfáltico os camiños da Proída, A Cosqueira-A Malata e O Barreiro-Vista Alegre, en Reinante; accesos ao Río e O Couto, en Cabarcos; Calzada-

San Paio e accesos San Paio, en San Xusto; Xunto á Igrexa, A Romiña e As Saíñas, en Celeiro; do Cascabeiro ao Acantilado en San Cosme e acceso As Travesas, en Benquerencia. Os traballos en aglomerado afectarán á un tramo dun km da estrada que sube de San Miguel a Remourelle, ao camiño da Carreira-Pico da Carreira, en Vilamartín Pequeno e As Eiras, acceso á estrada xeral.

A alcaldesa explica que a baixa obtida nesta licitación permitirá destinar a diferenza ao arranxo doutros viais non previstos inicialmente en función da súa adecuación ao orzamento que se manexa.

## A V Festa do Ovo Frito terá lugar o vindeiro luns 14

A V Festa do Ovo Frito de San Cosme de Barreiros terá lugar no campo de fútbol do Cascabeiro o vindeiro luns 14 de agosto. Esta cita gastronómica celebrárase como é tradicional o día 14 co obxectivo de recadar fondos para o Celta Barreiros así como pasar unha boa noite de festa. Dará comezo ás 19.30 horas e será posible degustar patacas

fritas, un par de ovos, un chourizo, pan e bebida. A noite contará con animación musical a cargo de Dúo Époka, Puzzle Manía e disco móbil. Para asistir será necesaria a compra dun ticket no centro social de Barreiros ou aos membros da organización por un prezo de 12 euros por persoa o mesmo día e 10 euros anticipada.

## O PP pide reabrir “con seguridade” os accesos á praia de San Bartolo

O PP de Barreiros insta á alcaldesa a adoptar de inmediato as medidas de seguridade necesarias para reabrir os accesos a praia de San Bartolo, pechados dende 2021.

Por terceiro verán consecutivo permanecen pechados tres accesos á praia de San Bartolo, no concello de Barreiros, debido a desprendementos de pedra e terra dos acantilados ocorridos nun deles no ano 2021.

Os concelleiros populares tamén consideran necesario que o Concello terá que recoller con claridade, na ordenanza que regula o uso das praias de Barreiros, que o público non poderá aproximarse a menos dunha determinada distancia de seguridade ao acantilado de San Bartolo.

Gómez Puente recorda que a de San Bartolo é unha das praias emblemáticas de Barreiros, no entorno urbano o que propicia que sexa moi con-

corrida por veciños e turistas, con varios locais de hostalería que se ven afectados polo peche da praia.

**DEPURADORA.** Tamén piden melloras nos accesos á depuradora municipal despois de comprobar como no hai porta de acceso ao recinto e que no seu lugar colocáronse varios arames de plástico que “nin chegan a dificultar o acceso ás instalacións”. Gómez Puente explica que “esta instalación debería de ter unhas condicións de seguridade importantes e vemos como calquera pode entrar, a pesar do risco que pode supoñer”. Os populares tamén reclaman melloras na limpeza do municipio, “sendo preciso acometer de inmediato desbroces de vexetación” tanto nas beiras das estradas como nas zonas públicas destinadas ao paseo sendo preciso tamén a renovación de numerosas sinais de tráfico.

## Adxudicada a sinalización das bocas de incendios municipais

Adxudicada a sinalización das bocas de incendios existentes no municipio barreirense, así como a instalación de tres novos puntos de recarga de vehículos contra incendios situados na zona interior do concello.

Este investimento, que ascende a 10.863,85 euros, que se financian integramente ao abeiro dun convenio suscrito entre o municipio barreirense e a Deputación Provincial.

A alcaldesa, Ana Ermida, explicou que “esta actuación responde á necesidade de axilizar e facilitar as posibles actuacións de extinción de incendios que poidan darse no municipio, facilitando así o traballo dos servizos de extinción de incendios, tal e como se nos trasladou desde os propios servizos.”

O Concello de Barreiros procedeu a identificar, en colaboración co persoal do parque de Bombeiros, un total de 24 bocas de incendios existentes que se-



rán sinalizadas coa colocación de sinais verticais reflectantes con indicación do diámetro das bocas. Ademais deste traballo, a actuación contempla a colocación de tres novas bocas en Vilamar, San Xusto e A Rilleira, dando cobertura á zona interior do concello; onde actualmente non existe ningún punto adaptado para a carga deste tipo de vehículos.

Con estas actuacións, Barreiros contará cunha rede de puntos de carga de vehículos contra incendios que permitiría a realización das labores de extinción dun xeito máis áxil e eficaz, ao reducir os tempos de desprazamento e de realización da propia carga, ao colocarse en lugares onde a rede de abastecemento conta con capacidade suficiente para unha carga rápida.

## O Festival do Emigrante chega á 40 edición, o día 5 de agosto



Presentouse o XL Festival Folclórico Internacional do Emigrante, que se celebrará o 5 de agosto en San Miguel de Reinante, en Barreiros, e que contará con Ensemble Nicola Tesla de Belgrado (Serbia), Grupo Danses El Raval de Vila-Real (Castellón) e a Asociación Folclórica O Arco da Vella, organizadora do encontro xunto ao Concello de Barreiros, actuarán nesta mostra internacional que é un referente festivo e cultural para a veciñanza de Barreiros e da comarca e que conta coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego.

O director do Arco da Vella Enrique Penabad explicou que chegar a corenta edición é “un motivo de satisfacción e sobre todo de motivación para a propia agrupación”.

“Vivimos case todo o ano en función deste día. Ese día no que podemos expresar o traballo de todo o ano, das clases, do que fomos aprendendo en todos os sitios e poder mostrarlle a eses 1500, 2000 persoas que asisten habitualmente ó festival, o que é o folclore do mundo, pero sobre todo que segue viva a tradición do folclore galego. Empezamos cun lema no ano 80, “Defendamos o noso folclore” e a día de hoxe, pensando no Festival do Emigrante, está tamén presente. Sigamos nesa liña e entre todos, defendamos o noso folclore”, concluíu.

O Arco da Vella actúa como agrupación titular no Festival, abrindo e pechando a mostra folclórica coas súas pezas de baile e música.

## A Concentración Retroclásicos xa ten programa



Os automóviles clásicos volverán a Barreiros en agosto, así o confirmou a organización da concentración de Retroclásicos. Está cita está confirmada para o 19 de agosto de 2023 e desenvolverase na praia de Coto, en San Pedro de Benquerencia. A xornada comezará ás 10.00 horas coa exposición de motos e coches que estará aberta durante toda a mañá. E haberá trofeos para o participante máis veterano, máis novo, o club máis numeroso, máis lonxano, e o coche e a moto máis antiga. Ao mediodía será o xantar no restaurante Yenka ao que haberá que inscribirse chamando ao 697 356 090 antes do 17 de agosto.

## Case rematada a obra de mellora da contorna do centro cívico

O Goberno local informou de que case están rematadas as obras de mellora e seguridade na contorna do parque e o centro cívico.

Estas tarefas consisten na peonización da rúa que une ambos espazos para así “mellorar a seguridade nesta zona pois durante o verán é unha zona moi concorrida polos nenos”, di o rexedor local, Demetrio Salgueiro, “case están rematadas pero temos previsto facer algunha mellora aínda no mes de setembro”.

Os traballos foron adjudicados por un importe de 152.000 euros inclúen tamén a creación de novas prazas de aparcadoiro fronte o Camiño Real e detrás do pavillón, posto que con esta obra perderanse entre 18 e 20 prazas xusto fronte ao centro cívico, “Agora mesmo as prazas xa están en uso e así podemos abrir e



utilizar os aparcamentos pois hai moita xente de visita no municipio”, di Salgueiro.

Nesta zona tamén se ubica a casa do Concello, a piscina, as oficinas municipais e o salón de actos polo que “vamos gañar en seguridade”, si Salgueiro, “xogan no parque ou na praza e pódese

escapar algún balón e que ocorra algún percance, por iso decidimos acometer esta mellora”.

No inicio da rúa colocaranse uns pivotes retráctiles para que se poidan subir e baixar cando sexa necesario o acceso como nos días de mercado, emerxencias ou o propio servizo so concello.

## Xestur traballa na ampliación do polígono industrial

Xestur está a traballar no plan de ampliación e reordenación do do polígono industrial de Xove. Pola súa parte, a redacción do PEOSE que permitirá ampliar a área empresarial de Xove licítase por 155.135,32 euros, IVE incluído. O novo ámbito deste parque industrial estenderase por unha superficie de 42.944 metros cadrados. Con esta nova ampliación favorecerase a creación de emprego e dotación de terreos a novas empresas que estean interesadas no asentamento neste municipio mariñao.

O alcalde, Demetrio Salgueiro, amósase satisfeito pois así o concello “contará con máis dotacións para as empresas existentes pero tamén para as que queiran establecerse, xa que o polígono industrial está nun lugar estratéxico con bos accesos e preto de Alcoa”.

**POLÍGONO.** Esta zona industrial está leva funcionando desde o ano 1999 e executouse nunha única fase de 103.122 metros cadrados malia que a superficie de uso industrial e comercial é de 65.799 metros cadrados, que se reparten en 59 parcelas.

A superficie das parcelas oscila entre 525 e 3.800 metros cadrados. Ao polígono accédese directamente desde a estrada nacional N-642.

## Éxito rotundo na Festa do Percebe de Xove



A praza do Concello de Xove acolleu esta fin de semana unha nova edición da Festa do Percebe, unha cita que chegou a súa décima edición e estivo organizado pola Asociación de Festexos A Medorra e co Concello de Xove.

Os asistentes ao evento puideron degustar este delicioso e apreciado crustáceo mentras a charanga Os Charangos e e unha discoteca móbil amenizaron con música en directo a xornada.

Por outra banda, o presidente da Federación Nacional de Cofradías de Pescadores, Basilio Otero, foi o encargado de dar o pregón.

A festa lévase a cabo na praza do Concello, nunha carpa instalada para a ocasión, e o produto pro-

cede das lonxas da zona onde se venden os máis grandes e mellores percebes dos cantís da Mariña e Ortegal.

Esta tradicional cita gastronómica da Mariña fixo as delicias dos xovenses e de todas as persoas que visiten o municipio por esas datas. Esta festa gastronómica reparte en cada edición máis de 1.500 racións o que case equivale a catrocentos quilos deste marisco.

## As actividades de verán do concello de Xove contan con 86 participantes



As actividades de verán no concello de Xove, organizadas polos Departamentos de Deportes e Xuventude e a Oficina de Información Xuvenil, contan cun alto grao de participación.

O campamento para os máis pequenos Concilia, xa en marcha dende o día 26 de xuño, conta con 86 participantes.

Así, sigue en número de participantes con 40 o de Mañás Activas, e que continuará ata o vindeiro 25 de agosto, para a rapazada a partir de 10 anos con diversas actividades. Dentro da súa programación teñen informática, baile moderno, iniciación ao rugby, un escape room e saídas a Roq Sport e A Balea Verde para gozar de actividades ao aire libre ou unha viaxe ao Kartodromo de Tapia.

O variado programa de verán conta tamén con actividades deportivas para variado rango de idades como son full body, ximnasia para maiores, pilates, chiquirritmo, baile moderno, curso de pádel e iniciación ao rugby.

Dentro da programación de Xuventude hai un campamento de tres días en Morás, unha excursión ao Kartodromo de Tapia e de volta parada no Laberinto de Rinlo, unha viaxe ao Aquapark de Cerceda e o escape room *La maldición pirata*. Unha variada oferta de actividades monitorizadas por Roq Sport e A Balea Verde completan a oferta do Concello de Xove para este verán, onde se inclúen para disfrutar en familia os Domingos a Remollo na praia de Lago que se prolongará ata o 27 de agosto.

## Chega o cine ao aire libre coa película ‘O que arde’

O ciclo de proxeccións de filmes en galego en formato cinema de verán chega ao concello de Xove o vindeiro 16 de agosto. Esta proxección será na praza do Centro Cívico ás 22.00 horas e os asistentes poderán disfrutar da película *O que arde*.

Este ciclo ten o obxectivo de “achegarlle o cine en galego á xente e dunha maneira especial á xente nova, que se move moito máis no ámbito da cultura audiovisual; e tamén é importante que as propostas de ocio en galego estean na rúa, onde se vexan ben e onde todo o mundo poida gozar delas”, indicaron dende o Concello.





**CURSO 2023/2024**  
Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso

Preparado por  
**Cambridge**  
English Qualifications





**Reserva ahora!**  
**982 103 377**  
**605 738 247**

[www.docklandsacademy.es/matricula](http://www.docklandsacademy.es/matricula)

## Volven as tradicionais citas do BaixEo e o Faragull-Eo

O BaixEo da Pontenova, unha das citas máis divertidas do verán volverá a celebrarse o vindeiro 12 de agosto.

Nesta popular cita cada participante pode levar a cabo o descenso polas augas do río Eo que atravesan a localidade utilizando todo tipo de artiluxios.

Os participantes reuniranse pola mañá na Chousa, na área recreativa do Pozo da Ola para que despois, ás 11.00 horas, sexa a saída ata Piegaponte e ás 12.00 horas cara o coto de Salmeán. Xa ás 14.00 horas será a chegada ao Pozo da Ola.

Como vén sendo habitual, para repoñer forzas despois do esforzo lúdico e deportivo, A Pontenova a aproveita para dar a coñecer unha das súas comidas típicas, os faragullos, que misturan auga, leite, fariña de trigo, ovos e sal



nunha masa que se fríe en sarténs.

Este ano o Faragull-Eo acada a súa vixésima segunda edición. Nalgunhas zonas, o río baixa con escaso caudal dado o bo tempo, o que complica a navegación das embarcacións. Participar será necesario inscribirse.

A organización non se fai responsable dos imprevistos que poida xurdir, aínda que por suposto estarán presentes os efectivos de Protección Civil.

O CIT A Pontenova e o Concello son os organizadores desta cita e para máis información, pódese chamar ao 982 342 292.

## As festas na parroquia de Vilameá serán o 4, 5 e 6 de agosto

A parroquia de Vilameá no Concello da Pontenova organiza os vindeiros 4, 5 e 6 de agosto as festas na honra de San Roque e a virxe das Neves. Comezará ás 22.00 horas cunha churrascada e verbena a cargo da orquestra Galia e o DJ Bombardero. Para asistir á cea haberá que mercas as tarxetas na Zapatería Orli, no Rony Bar ou por teléfono no 686 010 078 ou 686 8 0 7 135.

Xa o sábado 5 será a quenda da misa solemne ás 13.30 horas e acto seguido será a procesión polo pobo e a sesión vermú a cargo de Sinfonía que tamén amenizará a verbena da noite co DJ Bombardero



Na xornada do domingo 6 volverá o oficio relixioso ás 13.30 horas, a procesión e sesión vermú co trío Zafiro.

## Terras de Lourenzá organiza a ruta da Algara

A Asociación de Sendeirismo Terras de Lourenzá organiza para o vindeiro sábado 5 de agosto a ruta da Algara que será duns 10 quilómetros de distancia e de dificultade baixa.

Esta ruta servirá para conmemorar o seu 10º Aniversario pois este colectivo laurentino constituiu-se aló polo ano 2013. Ao rematar a camiñata haberá unha cea no recinto feiral de Vilanova.

Para participar é necesario anotarse chamando aos teléfonos nos 619 828 784 ou 619 378 029.

Ademais xa teñen preparado as seguintes rutas que serán polo río Ouro o 3 de setembro, Aller durante o 22 ao 24 de setembro, polo río Agüera o sábado 21 de outubro, achegaranse ao Bierzo do 10 ao 12 de novembro e visitarán o Mogallón no Vice-do o 16 de decembro.

A asociación convida a todas as persoas que lles guste camiñar e rodearse de natureza a unirse á súa familia de camiñantes. E lembran que o calendario pode estar suxeito a cambios por imprevistos ou reaxustes climatolóxicos.

## Convocada a quinta edición do Certame de Teatro Aficionado

A Concellería de Cultura convoca a quinta edición do Certame de Teatro Aficionado Concello de Lourenzá, que se celebrará durante os sábados e domingos de novembro.

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, anunciou que "as bases do certame aparecen publicadas na páxina web do Concello e o prazo de inscrición remata o 29 de setembro.

Pódese enviar a documentación ao Concello de Lourenzá.

As representacións terán lugar no edificio multiusos Ponte de Cuñas os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización.

No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de



cada categoría.

Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc.

Ademais haberá diferentes premios como o premio Conde Santo á mellor representación dotado con 750 euros, o premio Lourenzo ao mellor actor, o premio Ana á mellor actriz, premios aos mellores actores de reparto, á mellor posta en escena e un especial do público.

## Aprobada unha moción en defensa da atención pediátrica



No pleno da corporación municipal de Lourenzá aprobouse unha moción do grupo municipal socialista para reivindicar o servizo de pediatría no centro de saúde de Lourenzá. A esta moción engadiuse algunha achega feita polo grupo municipal do BNG e aprobouse por unanimidade dos tres grupos que forman a corporación.

O acordo consensuado vaise trasladar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e tamén aos Concellos de Barreiros e Mondoñedo. Neste sentido tamén se está levando a cabo unha recollida de firmas en dis-

tintos establecementos do municipio co obxecto de apoiar e reivindicar o servizo de pediatría ao que todos os nenos e nenas de Lourenzá teñen dereito, manifestou a alcaldesa.

No pleno da corporación municipal de Lourenzá aprobáronse as dedicacións da alcaldesa, Rocío López García, e do tenente de alcalde, Javier Huertas Otero.

Tamén se fixou, por unanimidade, a periodicidade e o horario das sesións plenarias, que se celebrarán os terceiros xoves dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás 11.00 horas.



## Os faros da Costa da Morte iluminan a Península da Paz

Os faros da Costa da Morte iluminan a Península da Paz de Cervo gracias a unha exposición que está composta por oito pezas decoradas por ambas caras, co cal suman 16 creacións nas que aparecen representados estes faros.

Esta mostra, que estará instalada durante todo o ano no paseo do Torno, en San Cibrao para o desfrute de veciños e visitantes, chega agora ao concello cervense tras pasar por diferentes localidades como Fisterra, Sanxenxo ou a cidade da Coruña.

Esta exposición pertence á penúltima edición do certame, a oitava, do Concurso de Murales de Azulejo Lar, dirixido a estudantes da ESO e que desde o primeiro momento tivo moita aceptación por parte dos centros, profesorado e alumnado. "A arte non é só unha actividade lucrativa, se non unha acti-



vidade altruísta e formativa, especialmente entre os novos estudantes. Por iso crean obras arquitectónicas que se expoñen en espazos públicos, decorando e promocionando aspectos da nosa cultura", din dende a organización do certame.

"O colectivo da educación necesita actividades lúdicas que se complementen coas áreas educativas obrigatorias, que lles

acheguen unha visión practica real", engaden.

Hai actualmente 9 coleccións expostas en diferentes lugares, representando temas como O Camiño de Santiago, os faros da Costa da Morte, os mariscos, os deportes acuáticos, xogos populares galegos, o desenvolvemento sostible do Mar e Fondos mariños, exceptuando o primeiro ano que o tema foi libre.

### Volve o programa cultural cervense Enredando no verán



O Concello de Cervo anunciou algunhas das actividades que teñen previstas para estes meses de verán dentro do programa Enredando no verán.

Así, os luns e mércores ás 11.30 horas no pavillón da Veiga haberá teatro para nenos de 10 a 12 anos e de 6 a 9 anos, respectivamente. Este curso será impartido por Blanca Dacal.

Os martes e os xoves ás 11.30 horas e tamén no pavillón da Veiga serán as clases de ioga impartidas por Nuria Torrado. Os martes para nenos de 10 a 12 anos, e os xoves de 6 a 9 anos. Tamén haberá tempo para o balonman os luns ás 13.30 para nenos de 6 a 12 anos no pavillón.

Para participar será necesario anotarse chamando ao 683 31 59 39 ou presencialmente na casa da cultura.

## Instalado o pavimento Sportflex na nova pista de atletismo de Cervo



A renovación das pistas de atletismo das instalacións deportivas da Veiga xa están un pouco máis preto de estar rematadas. Estas obras contaron cun investimento total de 560.000 euros, no que a Secretaría Xeral para o Deporte achegou o 62,5% da totalidade do importe (350.000 euros), mentres que o Concello de Cervo achegou o restante 37,5% (210.000 euros). Esta será a primeira pista de atletismo homologada da comarca da Mariña.

As obras contan con tres vías de actuación que serán as obras de renovación completa do pavimento da pista

con Sportflex Super X 720 de Mondo, certificado por World Athletics, prefabricado para exteriores, a mellora da rede de saneamento e a evacuación de augas e a instalación de salto de pértega, carreiras de obstáculos, salto de altura, salto de lonxitude e triplio salto e lanzamento de peso.

As instalacións deportivas da Veiga, ademais das nomeadas pistas, contan cun pavillón polideportivo e destacan pola idoneidade da súa localización xa que non dista máis de 20 minutos da metade da poboación de toda a Mariña, que suma, no seu total 70.000 habitantes.

## A praza dos Campos de San Cibrao acollerá o Festival Folklórico Mistura en agosto



O Concello de Cervo convida a gozar do Festival Folklórico internacional e Infantil que se celebrará en San Cibrao, na praza dos Campos, a primeira fin de semana de agosto da man do Grupo Folklórico Mistura, coa colaboración da Administración local.

A rexedora local, Dolores García Caramés, e o concelleiro de Emprego e Formación, Alfredo Fernández, presentaron a cita acompañados do Presidente e profesor do Grupo organizador, Claudio López, e doutros compañeiros de Mistura.

Así, o venres 4 terá lugar o Festival internacional que arrincará ás 19.30 horas coa participación dos grupos African Tumbas (Kenia), Otrora (Colombia), Ibarra Kaldu (Portugalete/Biscaia) e o grupo anfitrión Mistura será o encargado de poñer o broche de ouro.

Xa o domingo 6 será a quenda dos máis pequenos/as; a partir das 19.00 horas actuarán a Asociación Cultural Buxainas (Cedeira), a Agrupación Folklórica Os do 21 (O Vicedo) e rematará o Grupo Folklórico Mistura de San Ciprián.

## Abren un 'crowdfunding' para a reconstrución do estaleiro de San Cibrao

A familia Fra, dona da carpinterías de ribeira tradicional que se atopa en San Cibrao e que sufriu un incendio que devastou o edificio a principios de xullo, está a organizar un crowdfunding para axudar á reconstrución do estaleiro.

O incendio levouse por diante ferramenta, maquinaria e numerosos obxectos de incalculable valor sentimental e patrimonial como planos e maquetas de medio casco que foron construídas pola familia Fra.

A isto engádesse que o edificio incendiado forma parte da identidade do pobo sendo a última carpintería de catro e estando este protexido por Patrimonio pola súa singularidade e valor histórico.

Por outra banda compre dicir que as técnicas construtivas da carpintería de ribeira en Galicia foron declaradas Ben de Interese Cultural en 2015 pola convención da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura ou UNESCO, para



salvaguardar o patrimonio cultural inmaterial.

Todos estes feitos fan que o estaleiro sexa unha parte do patrimonio marítimo de Galicia o cal estamos completamente envorcados en salvar.

Desde a familia Fra din que "queremos agradecer a resposta popular da xente que amosou as súas mostras de agarimo e preocupación xa que son moitos os que ven a carpintería como algo propio mostrando o seu apoio incondicional ao comezar as obras de restauración do estaleiro".

ourol

## O Concello acolle unha Ruta Indiana para amosar o seu legado

O Concello de Oourol acolle unha Ruta Indiana os vindeiros 5 e 6 de agosto de 2023. Estes paseo serán polas casas máis representativas da arquitectura indiana da zona.

Farase en autobús de época nas que o vehículo percorrerá algúns dos puntos máis significativos e acompañando aos viaxeiros nunha singular viaxe no tempo.

Para participar será necesario a inscrición chamando ao 982 559 019.

O pasado ano a Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense colaborou na mellora da sinalización turística do legado indiano en Oourol a través de placas con códigos QR e un folleto para ampliar información sobre 17 edificacións. A información está dispoñible na web de Turismo da Mancomunidade e a publicación na Casa do Concello ourolesa e tamén nas oficinas de turismo da comarca.

O presidente da Mancomunidade indicou que “a ruta propón un percorrido polo patrimonio indiano máis destacado do municipio de Oourol, abarcando quince fermosas vivendas, as antigas escolas de Merille e Vicente Casavella (hoxe Casa do Concello) e o emblemático Cemiterio de Xerdíz, construído en 1908. As dezasete edificacións atópanse identificadas con placas que conteñen códigos QR que permiten acceder á información descritiva situada na web oficial de turismo da Mariña Lucense ([amarinalucense.gal](http://amarinalucense.gal)), polo que tamén terán acceso a



ela todas as persoas que entren nesa páxina”.

**MOSTRA.** O Consello da Cultura Galega vén de ceder unha exposición con motivo da Ruta Indiana. Esta exposición aspira a narrar e recrear as fases e facetas principais desa epopea migratoria, dende a chegada dos inmigrantes ata o seu retorno, pasando polas súas asociacións, a situación da muller inmigrante, as publicacións e proxectos políticos para Galicia xurdidos en Cuba, e mais a pegada deixada polos galegos e galegas na sociedade cubana.

A entrada é libre e gratuíta e poderase visitar no edificio multiusos durante os días 3 e 4 de agosto en horario de 11.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas, e os días 5 e 6 de 10.00 a 13.30 horas e de 16.30 a 20.30 horas.

## O Goberno local adxudica a ampliación da traída de auga na parroquia de Miñotos

O Goberno local do Concello de Oourol vén de adxudicar as obras de ampliación e mellora da rede de subministro de auga na parroquia de Miñotos con cargo ao Fondo de Compensación e que foron adxudicadas por 170.000 euros.

Así mesmo adxudicaron 30.000 euros a obras na rede xeral de abastecemento que consisten na colocación de válvulas de peche en contadores para poder cumprir cos requisitos de Augas

de Galicia para controlar as posibles perdas ou fugas que podan producirse na rede.

En anteriores comunicación, o alcalde, José Luis Pajón, explicou que “a rede municipal de abastecemento é bastante antiga e algúns elementos están bastante deteriorados. Todos os anos dedicamos unha parte do orzamento para melloralas, pois hai algúnha parte de fibrocemento que se está a substituír por PVC”.

alfoz

## A Área de Cultura moderniza o salón de actos do concello

Proximamente iniciaranse obras de mellora e dotarase de novo equipamento o salón de actos do concello de Alfoz.

Estas melloras teñen como obxectivo o da modernización a nivel técnico pero tamén estético.

Ditas actuacións inclúen a pintura de todo o espazo, así como o vernizado do chan, colocación de paneis acústicos, instalación de novas liñas de luz, conexións a internet e aos diversos equipos

de son e audiovisual, un completo equipamento informático, un novo proxeccionador de última xeración, unha caixa escénica téxtil, etc.

A previsión da Área de Cultura é telo en funcionamento a mediados do mes de setembro para continuar ofrecendo un amplo e variado programa cultural en Alfoz cara ao último trimestre do ano.

O custo será asumido ao 50% polo Concello de Alfoz con fon-

dos propios e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a través dunha subvención solicitada e concedida para tal fin.

O salón de actos da casa da cultura é o epicentro cultural do concello de Alfoz, e por iso nel é onde se realizan numerosas actividades de teatro, música, maxia, conferencias, proxeccións cinematográficas, etc. pero tamén é un espazo aberto á veciñanza que as numerosas asociacións utilizan habitualmente.

## A Deputación destina 100.000 euros para mellorar dotacións públicas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres un investimento que supera os 100.000 euros para mellorar infraestruturas e servizos públicos dos veciños e veciñas de Alfoz. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen informou dos asuntos tratados na sesión celebrada esta mañá.

García Porto sinalou que esta aportación que fai a Deputación ó Concello, por un total de 107.175,92 euros, permitirá ao ente local “a instalación unha cuberta na pista de pádel municipal



e tamén dotar de mobiliario a antiga vivenda de mestres da escola da Pinguela, na parroquia de Lagoa, rehabilitada como vivenda social”. Esta contía, explicou

a voceira socialista, “representa o 95% do total do orzamento necesario para estas actuacións, mentres que o Concello asume 5.640,84 euros”.

## A biblioteca contará co carné de súper lector a partir de setembro

A biblioteca, situada no primeiro andar da casa da cultura, continúa día a día intentando mellorar. Nestes anos realizáronse cambios importantes no mobiliario e deseño do espazo aos que hai que sumarlle un amplo abano de actividades sobre todo para os máis novos. Agora estanse a reorganizar os numerosos fondos bibliográficos e poñendo en marcha novas medidas para a súa dinamización.

As seccións infantís e xuvenís contan cunha clasificación por idades e contidos máis atractiva para os pequenos e pequenas e máis práctica para as familias. A novidade é que a partir de setembro, todos os nenos e nenas que o desexen, terán un carné de súper lector no que irán acu-



mulando puntos en forma de estrela que poderán trocar por agasallos. Este carné, independente do carné da biblioteca, será gratuíto para os menores de 16 anos e poderá solicitarse a partir do 1 de setembro. “Con el pretendemos facer fieis aos lectores e lectoras máis novos,

fomentando a lectura e tamén promocionar os servizos que lles ofrece a biblioteca”, dende o Concelo.

Tamén en setembro retomarase o Club de lectura e adquiriranse novidades editoriais para continuar completando os fondos da biblioteca.

## mondoñedo

## Mondoñedo acollerá unha nova edición do Merlín Fest

O Concello de Mondoñedo acollerá unha nova edición do Merlín Fest que volve contar cunha ampla programación cultural.

Esta cita arrincará este venres 21 de xullo ás 23.00 horas co trío Somoza na praza da Catedral, e o domingo 23 será a quenda de Skadelos na praza do Concello ás 13.00 horas.

O Día do Santiago, o martes 25 de xullo, haberá unha noite folk: Owl light e xógara, no barrio do



Muíños ás 21.30 horas. E o seguinte domingo, o día 30 Amoro Urban&Trap estará na praza da Catedral ás 13.30 horas.

Xa en agosto, o domingo 6, Airband actuará ás 13.00 horas na praza do Concello e o luns 14 haberá sesións de DJ na Fonte Vella a partir das 23.30 horas. Xa por último o venres 18 Tomás Porteiro porá o peche a esta programación na praza do Concello ás 20.30 horas.

## O Mercado Medieval será os días 11, 12 e 13 de agosto

O Mercado Medieval de Mondoñedo xa está en marcha e este ano chega a súa trixésima primeira edición.

Esta cita celebrarase os días 11, 12 e 13 de agosto e malia que o programa de actividades non está pechado, previsiblemente volverán as que máis tirón teñen como son a exhibición de cetrería, o combate e adestramentos de cabaleiros, o Gran Torneo Medieval, as mostras e os obradoiros e a cea do sábado. Polo momento xa se sabe que Mircormina estará na preza do Seminario o sábado 12 con *Raio de Loubican* ás 12.00 horas e o domingo 13 con *A familia unida* ás 17.00 horas. Dende o Concello din que seguirase a apostar polos espectáculos que máis gustan como son o torneo me-



dieval, o campamento medieval e infantil, actuacións de rúa durante todo o día, entre outros.

Durante estes días poderase desfrutar tamén de demostracións e vendas de produtos artesanais e típicos

da terra e algunhas degustacións gratuítas.

O éxito deste evento, declarado Festa de Interese Turístico Galego, é grazas á implicación de todos os veciños e veciñas de Mondoñedo.

## O BNG critica que non se cumpra a prohibición de aparcarse na alameda



O BNG de Mondoñedo lamenta a permisividade coa que actúa o goberno municipal dentro do espazo público, critican que non se cumpra a sinalización de prohibido aparcarse máis aló das tres da tarde e instan ao alcalde a que leve a cabo cantas medidas sexan necesarias para evitar o uso da alameda como aparcadoiro municipal.

O voceiro do BNG no concello, Eloi Cabanas, considera absolutamente necesario que o goberno municipal recupere este espazo histórico da cidade para as persoas e que a veciñanza poda pasear libremente e de forma segura pola alameda.

“A alameda debe ser un lugar seguro de paseo, ocio e esparexemento dos cidadáns e o perigo da situación actual agrávase aínda máis nas inmediacións do parque infantil pola presenza dos nenos e nenas que acoden á zona de xogo”. Para os nacionalistas non pode ser que se empregue como aparcadoiro este espazo público can-

do hai unha alternativa perfectamente viable a uns 100 metros de distancia no Parque dos Paxariños.

Eloi Cabanas pide dignificar e cooidar a alameda xa que considera que o estacionamento tamén orixina un deterioro no patrimonio público e denuncia que non é un caso illado na cidade onde poden observarse mostras similares de abandono noutras zonas do casco, “o novo aparcadoiro da Travesía Casas Novas, onde os vehículos estacionan nas zonas verdes ou na Praza do Seminario onde os coches estacionan en liña por diante de toda a súa fachada incumprindo a ordenanza municipal de tráfico son exemplos claros do desinterese co que actúa o goberno municipal nestes casos”.

Por ornato público, o BNG pídelo ao goberno que se centre en desenvolver unha cidade habitable e planifique un modelo alternativo que non estea pensado exclusivamente para os coches.

## o valadouro

## Preocupación pola falta de médicos no centro de saúde

O grupo municipal socialista do Valadouro, amosa a preocupación pola actitude do Sergas en relación a falta de médicos no centro de saúde de Valadouro.

“Desde que se xubilou inicialmente un dos titulares, veñen cubrindo puntualmente o seu posto con distintos facultativos con atención de 4 horas o seu posto (das 10 ás 13 horas), algún día á semana, non todos”, din, “a situación agravouse na segunda quincena de xullo, coas vacacións do outro médico titular, quedando o centro de saúde atendido por un único médico 4 horas, só algún día,

sin coñecer con anterioridade, acoden 2 médicos 4 horas”.

O feito de que non se sepa si vai acudir alguén a substituír, fai que os veciños do Valadouro, “non sepan cando poden pedir a cita co médico, ou si van ser atendidos. Os habitantes deste concello non se merecen este trato”, engaden.

“Non somos alleos á dificultade para de coberturas de determinados postos de traballo, pero que ten moito que ver coas condicións dos contratos de traballo que realiza o Sergas, con coberturas temporais por horas, precarizando a situación



dos profesionais”, din dende o grupo municipal.

Esta situación agrávase ao estar en época estival, co incremento de poboación no concello, “que parece non ter en conta o Sergas, que vemos como tamén asistimos ao peche da planta de medicina interna no Hospital Público da Mariña, co conseguinte derivación ao HULA,

cando son especialidades que poderían ser atendidas en Burela”, engaden.

“Non se pode estar por unha banda alardeando de promoción do rural, e facendo políticas en contra recortando servizos, polo que manifestamos o noso rexeitamento e pedimos solución”, rematan dicindo os socialistas.

## A Feira de Vilacampa será o vindeiro 4 de agosto

A Feira de Vilacampa, no concello do Valadouro, celebrarase o vindeiro venres 4 de agosto, e será na honra de Santo Domingo.

Así, esta parroquia contará durante todo o día coa feira anual de gando vacún e cabalar. Ás 13.30 horas dará comezo a misa solemne e a sesión vermú a cargo do grupo Límite.

Xa pola noite ás 22.30 horas será a quenda da gran verbena co grupo Límite.

Dende a organización informan de que terán cantina na feira e no campo da festa con carpa así como servizo de comidas con racións.

## As festas patronais serán do 14 ao 16 de agosto

As festas patronais do Concello de Vegadeo celebraranse os vindeiros 14, 15 e 16 de agosto e aínda que non se sabe o programa completa, dende a organización puideron confirmar algún espectáculo.

Así, a xornada do luns 14 contará coa orquestra Origen e o seu espectáculo Donde todo comienza, e tamén coa orquestra New York e o seu espectáculo de luces e voces.

O martes 15 será a quenda da orquestra Olympus.

O mércores 16 será a quenda da "orquestra máis grande e espectacular do país e que conta cunha montaxe impresionante, 5 trailers, os mellores cantantes, músicos e acróbatas. Esta é La Misión", dixeran dende a orga-



nización.

Tamén comezou a distribución do libro de Festas de Vegadeo 2023 que conta cunha portada obra de Neto García do Castelo.

## O xato de Silvallana chamarase Albión



O Concello de Vegadeo acolleu un concurso para buscarlle nome ao xato da vaca Silvallana, que leva sen el desde a súa colocación.

Este certame infantil estivo aberto durante o mes de xuño. Así, o xatín da vaca Silvallana

chamarase Albión, nome elixido no concurso da Feira de Mostras, e proposto por Álvaro. O cativo, nun acto simbólico, colocoulle o cencerro co seu nome ao xato e recibiu un diploma de recoñecemento e o agradecemento do alcalde.

## A veciñanza poderá disfrutar do cine familiar ao aire libre

Este verán a veciñanza de Vegadeo poderá disfrutar do mellor do cine familiar ao aire libre. Así, todos os xoves desde este 20 de xullo e ata o 10 de agosto o parque de Medal contará con cine.

A cita será cada xoves ás 22.00 horas e comezará con La ciudad perdida, seguirá o xoves 27 con Padre no hay más que uno 3, o seguinte xoves 3 de agosto será a quenda de Momias e por último o día 10 chegará Llenos de gracia.

**ESCAPE ROOM.** O IES Elisa e Luís Villamil acollerá o venres 4 de agosto de 10.00 a 13.00 o Escape room Salvemos o planeta!. Está dirixido a mozas e mozos de 12 a 17 anos. É unha actividade gratuíta do Concello.

## O Festival de Habaneira e Polifonía contará con catro grupos galegos

A Asociación Musical Entre Ríos de Vegadeo comunicou que o II Festival de Habaneira e Polifonía de Vegadeo será o vindeiro 13 de agosto ás 18.30 horas no parque do Medal.

Neste certame contarán coa Coral Terramar de San Cibrao, o Coro Nordeste de Candás, Alejandro Ares, e a Coral Polifónica San Lorenzo de Belesar de Baiona.

Terramar de San Cibrao participou en moitos certames e galas e adican gran parte do seu repertorio musical á música sacra. Contan co músico e compositor Pedro Abelardo como director para acompañalos instrumentalmente.

O Coro Nordeste naceu nun certame no ano 2011 e desde ese momento o seu obxectivo é transmitir as cancións dos seus antepasados para que non queden no esquecemento.

Alejandro Ares é profesor de música e destaca o seu premio no 53º Certame Nacional de Acordeón en 2010. Actualmente compaxina a súa actividade como concertista coa docencia no conservatorio de Xinzo de Limia.

A a Coral Polifónica San Lorenzo de Belesar está composta na actualidade por 34 voces e desde a súa fundación está baixo a



dirección de Javier Domínguez Millán, Licenciado en música na especialidade de clarinete. Contan con numerosos premios.

**CARTEL.** O gañador do concurso de carteis para escoller a imaxe do festival foi César Núñez Álvarez coa súa obra *Harmonía*. O xurado seleccionou ao que por unanimidade considerou o mellor e dado que só concorreron tres candidatos, "queremos agradecer inmensamente o esforzo e o traballo desenvolvido en pos da mellor imaxe e proxección que este certame supón para nós como agrupación", dixeron.

## O Concello celebrará o día 5 a nova edición da Festa Celta

O Concello de Riotorto celebrará a súa tradicional Festa Celta o vindeiro 5 de agosto no lugar da Croa.

Esta celebración terá lugar a partir das 22.00 horas con diferentes actuación a cargo dos Gaiteiros de Riotorto, Os Viqueiros de Órdenes e Faiscas da Pontraga de Tordoia.

Ademais haberá servizo de comida a partir das 14.30 horas para os que queiran disfrutar da festa xa dende a mañá, así como, animación durante toda



a tarde para que os asistentes de menor idade podan gozar dos espectáculos.

Esta tradicional cita de verán culminará cunha queimada popular sobre las 00.30 horas.

Como todos os anos, o Concello agradecerá a colaboración veciñal para a súa realización, pois gracias a está colaboración a festa será todo un éxito como todos os anos.

Para máis información deberán achegarse as oficinas do Concello.

## Supervisan o funcionamento das dúas casas do maior riotortenses

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, Antón Acevedo, visitou aos usuarios das dúas casas do maior de Riotorto.

Acevedo destacou que estes centros reflicten "un novo modelo de atención baseado en facilitar a continuidade dos maiores no seu fogar e na súa contorna", obxectivo ao que no último ano se sumou o programa Coidados porta a porta, e que tamén implica o reforzo de

recursos como Xantar na casa, o SAF ou a teleasistencia domiciliaria.

Lugo conta actualmente con 23 casas do maior en 13 concellos rurais, e as unidades móbiles do Coidados porta a porta atenderon na provincia máis de 19.000 consultas de podoloxía, audioloxía e estimulación cognitiva.

Estase tramitando a adxudicación da subministración e instalación de

dispositivos para a prestación dun completo servizo que incluíra sensores nos fogares que alerten do fume ou de posibles fugas de gas; un dispositivo móbil ou reloxo dixital que permitirá ás familias ter un control a tempo real da xeolocalización do usuario; e con controis específicos para aquelas persoas con deterioro cognitivo que se podan desorientar ou se afasten da zona delimitada como segura.

## o vicedo

## Convocada a VI edición do concurso de Fotografía Turismo

O Concello do Vicedo convoca unha nova edición do Concurso de Fotografía Turismo O Vicedo, a que será a sexta edición, no que haberá 600 euros en premios.

O tema escollido fará referencia ao patrimonio histórico do Vicedo e a súa calidade como destino turístico. Contendo aspectos relacionados con isto como os monumentos, as igrexas pontes ou elementos arquitectónicos.

O tamaño mínimo das fotografías (non sendo o recheo en branco unha opción para cumprir estas) será de 30 x 45 cm e o máximo de 40 x 60 cm. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.

Todos os participantes deberán enviar ademais, os arquivos en formato jpg das fotografías par-



ticipantes, cun tamaño mínimo de 2MB e resolución de 300ppp á seguinte dirección de correo electrónico [concursofotografiaovicedo@gmail.com](mailto:concursofotografiaovicedo@gmail.com).

Ao dorso de cada fotografía farase constar o pseudónimo elixido polo participante, o título da obra e o nº de fotografía.

As fotografías poderán ser entregadas presencialmente na

Casa da Cultura e pódese participar ata o 14 de agosto e o fallo do xurado será feito público ao día seguinte.

Establécense tres premios, un primeiro de 300 euros, un segundo de 200 e un terceiro de 100 euros. A entrega de premios realizarase en acto público o 18 de agosto de ás 21.00 horas na casa da cultura do Vicedo.

## As festas patronais, que se celebran en agosto, xa teñen programa festivo

As festas patronais do Vicedo, adicadas a Santo Estevo, xa teñen data. Así a comisión de festas organizadora comunicou que se celebrarán os días 4, 5 e 6 de agosto.

Comezará coa gran verbena do venres 4 ás 22.45 horas a cargo das orquestras Tania Veiras e Panamá, e seguirá o sábado 5 ás 11.00 con pasacalles amenizado por Foles de Viveiro, a misa solemne na igrexa parroquial ás 12.00 horas, a sesión vermú co



grupo Pasión, e xa pola noite a verbena con La Favorita e Pasión.

O domingo 6, a última xornada festiva dará comezo ás 12.00 horas coa celebración da misa solemne en honra ao santo na praia de Xilloi. Os grupos Dasilva e Mekánika Rolling Banda serán os encargados de poñer a nota musical na sesión vermú. E xa pola noite Dasilva e Kalima 3.0 amenizarán a gran verbena final a partir das 22.30 horas.

### A aula cemit acollerá clases de uso do móbil

A aula cemit do Vicedo, situada na casa da cultura, acollerá un curso de uso de móbil para aprender a sacar todo o partido a estes aparatos no seu uso do día a día.

Este obradoiro será en horario de 10.15 a 11.30 horas os mércores e venres. A inscrición é totalmente gratuíta chamando ao teléfono 982 590 195, ou na casa da cultura do Vicedo na aula CeMIT, ou no correo [cemit.ovicedo@xunta.es](mailto:cemit.ovicedo@xunta.es).

**ruta.** O 16 de agosto haberá unha segunda ruta xeolóxica pola zona de San Román e Xilloi.



**ROMAXE VIQUINGA.** Celebrouse unha nova edición desta cita de recreación histórica que contou co seu esperado desembarco dos invasores viquingos e cunha xusta medieval. Así mesmo a actriz galega Isabel Blanco deu a balada de saída da festa facendo o pregón.

## trabada

## Estudan poñer en marcha figuras de recuperación da terra agraria e unha parcelaria



A alcaldesa de Trabada, Mayra González, reuniuse c conselleiro do Medio Rural, José González, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, e do director xeral de Defensa do Monte, Manuel Rodríguez, para responder así unha petición da propia rexedora. O obxectivo deste encontro foi o de estudar diferentes vías de reestruturación e recuperación da terra agraria para aplicar neste concello, entre outras cuestións.

Así, trasladóuselle á rexedora que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vai iniciar un traballo de investigación para estudar a posibilidade de desenvolver na zona de Vilapena un polígono agroforestal ou unha agrupación de xestión de terras. Estas figuras están recollidas dentro da Lei de recuperación da Terra Agraria de Galicia e buscan poñer en valor terras que se atopan en desuso.

Ademais, a alcaldesa de Trabada solicitou implementar unha con-

centración parcelaria na área de Vidal, polo que a Consellería estudará os requisitos necesarios para que se poida iniciar o proxecto segundo a Lei de mellora da estrutura da terra agraria de Galicia (Metaga).

Con todo, dende o departamento de Medio Rural, anunciouse á representante desta localidade que a Consellería enviará varios supervisores de prevención para estudar a xestión da biomasa. Estes técnicos traballarán sobre o terreo co obxecto de comprobar o cumprimento da normativa da xestión da biomasa nas faixas secundarias das parroquias deste concello.

Tamén, sobre a loita contra os incendios forestais, explicóuselle á rexedora a colaboración que se está implementando coas deputacións provinciais en materia de dotación de medios, co fin de entender a todo o territorio galego a cooperación xa existente coa institución provincial ourensá.

## O Centro de Atención de Maiores tivo a súa festa



Os usuarios e traballadores do Centro de Atención a Maiores de Trabada celebraron unha festa que foi amenizada por Son's de Varadero e a súa música e para rematar o día non podía faltar unha cea de festa cunha churrascada.

A inauguración do Centro de Atención a Maiores foi no ano 2019 e xa no seu inicio contou con 19 usuarios. É un centro adaptado ás persoas, os usuarios que teñen autonomía poden entrar e saír cando así o desexen e seguir facendo a súa vida habitual.

# As marabillas que agocha a provincia

## O atractivo débese á variedade de paisaxes para conectar coa natureza e coñecer paraxes

A provincia de Lugo destaca por contar cunha inmesa sintonía pola natureza, combinando as súas paisaxes ás maneiras de vivir.

Así, o mar, as montañas e os vales do interior proporcionan un imaxe de contrastes que fixo que os lucenses modelaran o seu carácter, as súas actividades e mesmo a súa forma de contemplar o mundo.

Unha mostra desta perfecta simbiose constitúena as Reservas da Biosfera declaradas pola UNESCO, cuxa extensión abarca máis do 55% do territorio e que converten a Lugo nun referente internacional. É aquí onde as paisaxes da auga, nas que os protagonistas adoitan ser o río Miño, o Eo ou o Navia, condicionan o resto da xeografía.

En Lugo tamén atopamos a maior superficie de Galicia protexida ao abeiro da Rede Natura 2000, a máis importante rede de espazos natu-

rais protexidos a nivel europeo.

Dentro dos espazos protexidos da provincia sobresaen tamén Monumentos Naturais como o Souto da Retorta en Viveiro, que acolle os maiores eucaliptos de Europa; o pregamento sinclinal de Campodolla-Leixazós en Quiroga, escenario idóneo para a práctica do xeoturismo e outras formacións de gran singularidade e beleza como a praia das Catedrais, un referente do turismo galego e considerada entre as mellores do mundo.

E é precisamente o litoral cantábrico o escenario onde a arquitectura do mar se desfruta en todo o seu esplendor e neste espazo, as formas dos cantís forman o carácter dunha costa salpicada polos recunchos xeolóxicos, as rías altas, os cabos e as máis de 50 praias que constitúen un sitio marabilloso para o coñecemento da biodiversidade costeira e o patrimonio marítimo, así como a práctica de deportes náuticos.

### FERVENZAS

A oferta turística de espazos naturais da provincia complementáanse coas fervezas, que se conciben como lugares idóneos para adentrarse na natureza en silencio e, simplemente, deixarse levar polo son da auga.

Algunhas das fervezas máis emblemáticas son o **Pozo da Ferida**, entre os Viveiro e Xove; ou a das **Fragas do Ermo** en Barreiros, lugar cun potente significado máxico-relixioso. No interior pero moi preto da costa destacan a ferveza do **Pozo da Onza** no Valadouro, a ferveza do **Escouridal** en Alfoz, o **Salto do Coro**, en Mondoñedo e a ferveza do  **río Xestosa** en Ourel.

Xa no interior da provincia pódense admirar a seimeira de **Vilagocende**, na Fonsagrada, espectacular salto de auga de 50 metros de altura; as fervezas da **Marronda**; a ferveza de **Auga Caída** en Pantón, que verte as súas augas no Miño ou a ferveza de **Vieiros** no Courel, situada nas proximidades da Seara e de camiño á lagoa de Lucenza, en pleno sendeiro PR- G 184.

### LAGOAS

Lugo conta con de 340 humidais inventariados ou recoñecidos o que fai que sexa o 40% da superficie total que existe na comunidade galega de estes espazos.

Neste tipo de formacións húmidas destacan as da Terra Chá pois acolle un importante número delas e que ademais forman parte dun refuxio preferente para aves migratorias en época invernal.

Así, as **lagoas de Cospeito, Caque, Santa Cristina, a lagoa do Rei** ou a



**de Riocaldo de Begonte** son só algúns exemplos onde a conservación dos espazos naturais foi compatible cos usos agrícolas e turísticos do territorio.

Outras lagoas de gran relevancia son a de **Fonmiñá**, situada no municipio da Pastoriza e considerada por tradición un dos nacementos do Miño ou a lagoa de Lucenza no Courel, singular pola súa orixe glacial e polos seus máis de 16.000 anos de antigüidade.

Para coñecer máis de preto estes espazos naturais, recoméndase seguir as rutas de sendeirismo que a Federación Galega de Montañismo homologou nas súas contornas.

### COVAS

Outro anaco de paisaxes que non se pode esquecer son as covas ou cavidades. Nela destaca á do **Rei Cinto-lo en Mondoñedo** que ten máis de 6000 metros explorados e presume de ser a máis grande de Galicia así como é un dos seus grandes prodixios xeolóxicos.

A cova é un importante refuxio de morcegos e escenario de lendas populares que falan dunha princesa prisioneira atrapada na cova polo feitizo dun bruxo.

O concello de Mondoñedo organiza desde a súa oficina de turismo visitas guiadas á cova acompañadas por un espeleólogo profesional.

Igualmente, nas proximidades da cova atópase o centro de interpretación da Prehistoria, onde se pode profundar no coñecemento dos aspectos históricos, arqueolóxicos, etnográficos e naturais de Mondoñedo.

Por outra banda, e a centos de quilómetros atópase a Buraca das Choias, no municipio da Pobra do Brollón. Trátase dunha cavidade de orixe natural que foi aproveitada polos romanos para a extracción de ferro entre os séculos I a III.

A **Buraca das Choias** debe o seu nome ao feito de estar habitada no pasado por unha bandada de chovas de pico vermello. Actualmente, a cova é refuxio dunha importante colonia de morcegos, podendo tamén atopar nela reliquias botánicas como o *Schistostega pennata*, un musgo luminiscente cuxa presenza se documentou aquí por vez primeira en España e que só se atopa en contados lugares da Península Ibérica, atopándose incluído na lista vermella de especies en perigo.

Durante os meses de verán o Concello da Pobra do Brollón organiza visitas guiadas á cova para grupos reducidos, debendo efectuarse previamente a reserva no teléfono 666 435 832.

### CASTROS

Os castros son poboados próximos



a áreas de gran actividade agrícola ou mineira que están fortificadas mediante murallas e foxos presentando planta circular e unha localización estratéxica que reforza o seu carácter defensivo. Na zona da Terra Chá destaca o de **Viladonga** situado en Castro de Rei, e constitúe o prototipo de asentamento castrexo do interior de Galicia. Os principais restos achados nas escavacións expóñense no seu museo arqueolóxico.

Na Mariña está o **Castro de Fazouro** en Foz que é o único escavado no litoral cantábrico. Foi habitado entre os séculos I e III d. C. Actualmente só se conserva da súa estrutura orixinal un conxunto de nove construcións, xa que a erosión mariña provocou a desaparición dunha parte considerable do conxunto orixinal.

Xa cara o interior está o de **Zoñán** en Mondoñedo que se caracteriza por ser o primeiro castro escavado en Galicia no ano 1867, traballos que non se retomarian ata o ano 2002. Datado entre os séculos I e V d.C, presenta diferentes estruturas entre as que se encontran vivendas, pequenas rúas que as comunican e eiras nun moi bo estado de conservación.

Xa cara o centro da provincia está o de **Castromaior** en Portomarín, xunto ao Camiño de Santiago, e está considerado un dos castros máis relevantes da Idade do Ferro no Noroeste peninsular. O conxunto destaca pola súa monumentalidade, contando cun recinto principal e outros cinco secundarios que o prolongan cara ao leste e o oeste.

Cara o sur da provincia pódense atopar o **Castro Candaz**, en Chantada, un peculiar castro datado de época romana atópase parte do ano mergullado baixo as augas do encoro de Belesar. O **Castro de Fión** na parroquia de Arxeriz, no municipio do Saviñao, sobre un espolón rochoso con vistas ao mítico meandro do Cabo do Mundo, no río Miño, e a outros castros situados na zona.

No municipio de Paradela está o **Castro de Barán** que está formado por dúas terrazas, unha croa e un foxo. Destaca o seu estudado plan urbano e a súa contorna, nas inmediacións dun frondoso souto de castiñeiros.

Nos municipios da montaña lucense existen numerosos asentamentos utilizados para albergar aos traballadores das explotacións auríferas romanas. É o caso do castro de **San Lourenzo** da Cereixa, na Pobra do Brollón e o **castro de Santa María de Cervantes**, reutilizados como necrópoles medievais, ou os **castros de Vilar e A Torre**, no Courel.

### CÍCULOS LÍTICOS

En diferentes puntos da xeografía da provincia existen círculos líticos



ou cromeleques, que son estruturas construídas con grandes pedras dispostas en forma circular. Algúns dos exemplos máis destacados hoxe en día sitúanse en Barreiros, Lugo e O Valadouro.

O círculo lítico da **Roda**, en Barreiros, é unha enigmática estrutura megalítica da Idade do Bronce, encadrada na tipoloxía dos henge británicos, que se remonta no tempo uns 4500 anos. Seguindo os estudos sobre o círculo de Stonehenge, situado en Amesbury, en Inglaterra, podería ter un carácter relacionado coa relixión, coa celebración de actos de carácter social, coa observación astronómica dos ciclos da natureza ou con rituais de carácter funerario. En calquera caso, as hipóteses que tratan de explicar o significado destas estruturas só conseguiron alimentar o halo de misterio que as rodea. O círculo da Roda ten un diámetro duns 50 metros e está circundado

por un foxo exterior de entre tres e catro metros de diámetro e un de profundidade. O círculo está flanqueado á súa vez por dous muros separados por un foxo que dá lugar á formación dunha estrutura en parapeto que acadaría os 2 metros de altura. Na posible zona de entrada consérvase unha pedra vertical, delimitando o acceso.

A existencia de círculos líticos é moi excepcional no continente Europeo, á marxe dos achados nas Illas Británicas. Na provincia de Lugo foi documentada a existencia doutra estrutura megalítica circular na parroquia de **Coeses**, en Lugo. Tamén na Mariña pero nesta ocasión no Valadouro, atopamos o misterioso **Prado das Chantas**, do que se conservan unhas 250 pedras, e os círculos **das Pedragosas**, próximos ao anterior, aínda que ata o de agora non se puido arroxar luz sobre a súa cronoloxía e os seus usos orixinais.



### GRAVADOS RUPESTRES

Os petróglifos son gravados realizados ao aire libre sobre grandes rochas ou laxes empregando diferentes técnicas segundo a súa datación. Adoitan presentar elementos zoomorfos, cazoletas escavadas na rocha, espirais, círculos concéntricos, figuras humanas, armamento, cruces ou labirintos. En liñas xerais, datan do período comprendido entre o século XX ao VIII a. C., aínda que tamén os hai de época medieval ou moderna. Na provincia podemos atopar dúcias de exemplos, destacando pola extensión da súa superficie os de Antas de Ulla, situados en **San Fiz**, no alto do **Monte Farelo**, onde atopamos unha das maiores concentracións de arte rupestre da provincia. Tamén en municipios do sur, como é o caso de Sober, existen destacados exemplos como os de **Proendos e Bolmente** e, na Terra Chá, destaca o círculo de **Donalbai**.



## DEPORTES

### O Spórting Pontenova abre a inscrición

O Spórting Pontenova ten aberta a inscrición para as escolas deportivas municipais para a tempada 2023/2024 no que queren contar coa colaboración dos pequenos da comarca.

As escolas do club pontenovés contan con categorías de prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Para inscribirse ou resolver dúbidas haberá que chamar ao teléfono 699 818 091 ou mandar un correo electrónico a [sportingpontenova@gmail.com](mailto:sportingpontenova@gmail.com). Así mesmo, dispoñen dunha páxina web para consultas.

## O Club Shitokai A Mariña conseguiu sete cintos negros

O Club de Karate Shitokai A Mariña conseguiu sete cintos negros durante o exame que se celebrou no ximnasio Arenas FAKYDA de Oviedo. O número total foi de tres cintos negros infantís, tres cintos negros 1º Dan e un cinto negro 2º Dan. Os infantís foron para Janet Villarino, Iván García e Saray González. Os 1º Dan conseguíronos Carlos Fernández, Elena Dovale e Alba Sánchez, e o de 2º Dan Julen Castro, con mención especial polo seu exame de 2º Dan



que contou coa colaboración do adestrador Carlos Fernández. O Club de Karate Shitokai A Mariña agradeceu a desinteresada

colaboración de Alejandra Gómez que participou colaborando como asistente dos deportistas trasladados até Oviedo.

### Burela acollerá en agosto un torneo 3x3 de baloncesto

O concello de Burela acollerá do 3 ao 5 de agosto un torneo 3x3 de baloncesto no que poderán participar todas as categorías masculinas e femininas e no que haberá premios á categoría sénior e ao mellor equipo da Mariña.

Ademais haberá un concurso de mates e triplas e o 3x3 será en equipos de 4 xogadores, e o venres 4 e sábado 5 será o torneo sénior.

O torneo está organizado polo CB Burela e o Concello de Burela.

## Os participantes do Campus Econvive de Baloncesto gozaron da visita de Ángela Salvadores



O Campus Econvive de Baloncesto, realizou unha xornada de adestramento no pavillón de Ribadeo. Os participantes puideron gozar da visita de Ángela Salvadores, xogadora profesional, recente campioa da Liga Feminina Endesa co Valencia Básquet.

O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, contou que “o deporte non descansa no verán en Ribadeo. Si esta semana falabamos de ximnasia rítmica, hoxe facémolo de baloncesto. O noso pavillón acolleu unha das xornadas de adestramento do Campus Econvive de Baloncesto. O Concello colabora con esta actividade a través do CB Ría de Ribadeo”.

O edil ribadense explicou que “foron medio cento de nenas e de nenos os que puideron gozar da visita de Ángela Salvadores, xogadora profesional de baloncesto, recente cam-

pioa da Liga Feminina Endesa co Valencia Básquet. Esta rapaza está a realizar adestramentos de pretempada en Ribadeo, antes de incorporarse como nova xogadora do Básquet Landes, un equipo francés co que xogará a Euroliga. Salvadores xa destacou nas categorías inferiores da Selección Española con importantes actuacións e números de vértigo. Por poñer un exemplo, no 2019 foi elixida no draft da WNBA polos Angeles Sparks”.

Silvent subliñou que “desde o Concello de Ribadeo cremos que a realización destes campus é moi importante debido aos valores que lles transmiten ás nenas e aos nenos. E a posibilidade de compartir unhas horas con xogadoras que son unha referencia, como é o caso de Ángela Salvadores, é un aliciente máis. Non podemos esquecernos da promoción que isto supón tamén para Ribadeo”.

## Andrés Torres, do Gondomar TM, gañou o IV Torneo de Cerro

O pavillón da Veiga, en San Cibrao, acolleu a celebración do IV Torneo Concello de Cerro de Tenis de Mesa, organizado polo Club Deportivo San Ciprián en colaboración coa Administración local.

A competición contou con 34 participantes procedentes de diferentes clubs de Galicia e Asturias. O gañador foi o xogador local Andrés Torres pertencente a disciplina do club Gondomar TM que milita na división de honra do tenis de mesa Nacional.

O segundo clasificado foi o xogador do Oleiros TM Javier Canzobre e os dous terceiros foron



Luis Carlos Ferreira tamén xogador do Oleiros TM e Andrés Martín Reija xogador do club Dez Portas de Lugo.

A sección de tenis de mesa do C.D. San Ciprián comezou a par-

ticipar en torneos no ano 1993, logo dun longo parón, retomaron a competición no ano 2018; chegando a acadar o ascenso a Terceira Nacional a pasada tempada.

## En marcha, o novo Desafío do Ferro

Xa está en marcha a terceira edición do Desafío do ferro, unha BTT cicloturista para todos os públicos na que poderase elixir entre dúas distancias segundo o estado físico, de 50 quilómetros máis 1.750 metros de desnivel e a de 29 quilómetros + 900 metros.

Terá lugar o día 3 de setembro e desenvolverase entre Riotorto e A Pontenova.

A organización ten previstos uns avituallamientos impresionantes e todos os participantes recibirán como obsequio unha camiseta conmemorativa. Ten un prezo de inscrición de 23 euros no que van incluídos os seguros, o particular terceiro tempo e a comida que este ano estará com-



posta por paella, churrasco e a típica torta de Riotorto.

As inscricións están abertas en [ccnorte.com](http://ccnorte.com) e terán dous tramos, ata

o 02-08 o importe será de 23€ e do día 03-08 ao 29-08 será de 28€.

Ademais tanto os participantes como os seus acompañantes poderán inscribirse a tirarse na tirolesa máis grande de Galicia facendo o roteiro dos Fornos e accedendo á mina Consuelo ou só tirándose en tirolesa sen facer o roteiro.

A inscrición pode facerse na mesma web de [ccnorte.com](http://ccnorte.com) a un prezo reducido de 20€ (roteiro+tirolesa) ou 15€ (só tirolesa). Tamén dispoñible para menores.

Os horarios de roteiro+tirolesa son o sábado 2 e domingo 3 ás 11.00 e as 16:00. Os horarios de tirolesa son o sábado 2 e domingo 3 ás 11.30 e 16.30



# “O equipo creouse para participar nos torneos da época estival”

Darío Romero, coordinador deportivo do CB Celtas de Foz

Falamos co coordinador deportivo do CB Celtas de Foz, Darío Romero, un dos clubs con máis historia da Mariña e que está a conseguir grandes éxitos.

## Como e por que naceu o club?

No ano 1979 naceu da man duns mozos que se movían nos ámbitos da cultura, política e baloncesto. Así, crearon un equipo antes do verán para poder participar en torneos e despois de ver os éxitos obtidos na época estival animáronse a federar o equipo en outubro do mesmo ano.

## Quen se atopa na directiva?

Somos un grupo de 12 persoas formado por ex-xogadores, xogadoras do equipo sénior feminino e mesmo adestradores do club, todos temos un denominador común, pasamos polo equipo dalgunha maneira.

## Como afrontan esta tempada?

Con moita ilusión, co equipo sénior feminino adestrando categoría, primeira división, o equipo sénior masculino tamén en primeira división, ambos apoiados por dous equipos que levabamos moitos anos sen ter no club, júnior feminino e masculino, e que grazas á colaboración levada a cabo durante os últimos anos co CB Burela e o CB Ribadeo volve a ser unha realidade. Ademais, contaremos con equipos benxamín e alevín mixto, e como novidade poñemos en marcha as Escolas dos Celtas, para nenos e nenas dende 5 anos, unha aposta que nos fai moita ilusión e que era moi demandada.

## Con cantos xogadores contan?

Entre todas as categorías contamos cuns 80 xogadores, e temos a ilusión de ampliar a cifra na vindeira tempada.

## Polo club pasaron coñecidos técnicos?

Ao longo de todo estes máis de 40 anos houbo moitos técnicos locais que coñeceron os valores do deporte dentro do club. Moitos deles son técnicos de prestixio entre os que hai dous actualmente na ACB, Tito Díaz, adestrador do Breogán, e Marco

houbo moitos, pero destaca por riba de todos Esteban Gómez que foi capitán do Breogán e cando os Celtas xogaban na terceira categoría a nivel nacional era dos máis destacados da mesma.

## Cales son os requisitos para formar parte?

O principal requisito é traer ilusión e ganas de aprender para formarse no baloncesto.

## Como son os adestramentos?

Axeitados a cada categoría. En



Justo, que estivo ata o de agora no Lenovo e marcha ao Zunder Palencia. Tamén destacan outros como Manel Sánchez, internacional durante a súa etapa como xogador, Miguel Maseda, ex do OAR Ferrol, ou Antón Niñe.

## E xogadores?

En canto aos xogadores tamén

categorías iniciais intentamos aprender conceptos máis básicos e que á vez o pasen ben nos mesmos.

## Contan con instalacións suficientes para competir?

A verdade é que non podemos queixarnos, a maioría dos equipos xogan e compiten en Marzán pero tamén temos a opción



de adestrar no Colexio Martínez Otero, temos unha estreita colaboración con eles.

## Teñen algunha necesidade?

A día de hoxe gustaríanos ter un marcador novo, máis moderno e que sexa de baloncesto, seguiremos insistindo.

## Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Mellorar o traballo de canteira, lograr que máis nenos e nenas xoguen ó baloncesto, e ter equipos dende 5 anos ata sénior sería o gran obxectivo. Por outro lado queremos aumentar o número de socios, a masa social do club é das mellores de Galicia.

## Que é o que máis nos gusta do baloncesto?

O ambiente deportivo que se xera dentro e fóra da pista, ademais de todos os valores que transmite.

## Algún consello para os que queren comezar no mundo do baloncesto?

Que se animen a vir probar sen compromiso ningún, os nenos teñen que probar diferentes deportes e logo decidir, por iso sempre os invitamos a que se pasen por algún adestramento.

## Organizan algún evento?

Por suposto. Contamos co Zorza Celtas no que vendemos racións de zorza e patacas e queixo con marmelo; o Cuidado con Tkachenko, que é un concurso de preguntas deportivas na que 16 parellas poñen a proba os seus coñecementos deportivos durante unha fin de semana no Namarinos e Muelle Bar; colaboramos co Festival VRAO poñendo servizo de barra no mesmo para obter algún beneficio para o club, e tamén o torneo Praias de Foz e que chega a súa terceira edición este ano.



## Volve a Gran Tirada do Club de Tiro San Roque de Viveiro

O 15 de agosto disputarase un ano máis en Viveiro a Gran Tirada do Club de Tiro San Roque.

A proba consistirá en tiradas de 100 platos de foso olímpico e conta con 2 canchas de 30 máquinas Rossini. Esta proba está limitada a 84 tiradores e as inscricións para participar na proba están abertas ata o día 13 ás 19.00 horas e a través de Whatsapp ao 616 933 646. Haberá premios para os 8 primeiros clasificados, aínda que os catro primeiros levarán 600, 400, 300 e 200 euros respectivamente, ademais de trofeos.



## Muras acollerá o 6 de agosto a segunda edición da Mini BTT

Tralo éxito da primeira edición, o Club Ciclista Viveiro volve celebrar no concello de Muras unha nova edición da Mini BTT, que terá lugar o domingo 6 de agosto, adiantándose un mes á data da primeira edición.

A competición arrancará ás 10.00 horas para as categorías prebenxamín, promesas, principiantes, alevíns e infantís.

A inscrición é gratuíta para todos os deportistas federados men-



tres que os non federados deberán pagar 5 euros. Para inscribirse hai que facelo no facebook do club organizador ou na web da Federación Galega de Ciclismo. O último día para inscribirse é o 2 de agosto.

## Catro rapaces do Club de Remo de Ribadeo homenaxeados polos seus éxitos deportivos



Catro rapaces do Club de Remo de Ribadeo foron homenaxeados tras os seus últimos éxitos deportivos. Trátase de Antón Balsa Val, campión de España infantil na modalidade olímpica; Conrado Lara Calonge e Mateo Montesión González, subcampións de España en remo olímpico categoría cadete; e Irene García Valle, subcampiona de España en remo olímpico cate-

goría cadete.

No acto participaron a tenente de alcalde, Begoña Sanjurjo, e os concelleiros de Deportes e Benestar Social, Francisco José Silvent e Elena Sierra.

O acto rematou coa entrega de agasallos aos deportistas homenaxeados e cunha foto de grupo xunto a todos os familiares que quixeron arroupalos coa súa presenza.

## AD Augas Santas de Barreiros prepara unha nova proba

A asociación deportiva Augas Santas de Barreiros prepara para o vindeiro 6 de agosto o Benque-rencia Terra Mar. A proba está incluída dentro dos circuitos +km-sBarreiros e Tour Mariña, polos que os/as inscritos/as participan automaticamente nestes circuitos.

Haberá dous horarios a de abso-

luta será ás 15.30 horas e a de menores ás 16.45 horas.

O prazo de inscrición rematará o xoves 3 de agosto e a inscrición da carreira, ata o domingo 30 de xullo, ten un custo de 10 euros na carreira absoluta para aqueles corredores que posúan chip, e de 11 euros para os corredores que deban alugar o chip e terán que

devolvelo despois da carreira. A partir do luns 31 de xullo terá un custo de 14 euros corredores con chip e 15 euros os de aluguer. Haberá un agasallo para as categorías infantís e para os corredores da proba absoluta. Pódese consultar toda a información en [www.maiskmsbarreiros.gal](http://www.maiskmsbarreiros.gal) e [www.ccnorte.com](http://www.ccnorte.com).

## Nova edición da carreira do verán focego, XIV Run Foz Run

Volve un verán máis a carreira popular do concello focego, Run Foz Run, que chega a súa décimo cuarta edición. Así o anunciaron os organizadores da carreira de verán, que este ano celebrarase o 13 de agosto.

Poderán participar na categoría andaina, que será a partir das 10.00 horas, todo o mundo, e despois haberá categorías para a carreira popular que farán a súas saídas a partir das 10.05 horas..

Haberá cadetes, infantís, alevíns, benxamíns, pícaros e absoluta e todos terán que recoller o seu dorsal o día anterior no Cenima de Foz e excepcionalmen-



te previo aviso o día da proba. A andaina e as carreiras serán

sobre un circuito de 200 m para pícaros, 800m benxamíns, 1000 m alevíns, 1.600m infantís e cadetes e 7.000 m para a competición absoluta. Con saída e meta no paseo da Ribeira, fronte ao Cenima.

A competición transcorrerá por un circuito mixto, sobre un percorrido de 7.000 metros, polas rúas de Foz e a zona do paseo da Ría, e o tempo máximo para percorrer os 7000m será de 59 minutos.

Para máis información pódese consultar a páxina web do evento e as inscricións poden facerse en [www.sportmaniacs.com](http://www.sportmaniacs.com).

## O Praias de Barreiros CD contará cun equipo cadete



O Praias de Barreiros CD vén de comunicar que para a tempada que vén contarán cun equipo cadete.

“Comenzamos unha nova etapa na base na que esperamos sexa a primeira semente do futuro”, din dende o club barreirense.

“Se estás en idade cadete, e queres desfrutar do fútbol sala na comarca, esperámoste”, engaden. Así, din que tan so haberá que poñerse

en contacto a través das redes sociais ou calquera membro do club. De momento amosan aos primeiros valentes que xa se subiron “ao seu carro”, e foron recibidos por parte da directiva.

Dende o club quixeron agradecer a colaboración ao Concello de Barreiros e Secretaria Provincial do Deporte de Lugo.

## O Club Ría de Foz brilla na proba 5K Campo da Cabana

Simón González e Helena Celada, ambos do club Ría de Foz, foron os máis rápidos na proba absoluta dos 5K Campo da Cabana, que se celebrou en Foz e reuniu a máis de 300 participantes. Río e Celada proclamáronse ademais campións nas súas categorías, máster A en o caso do burelense e sénior, no caso da focense.

Nas categorías inferiores tamén brillou tamén o club anfitrión, o Ría de Foz, que se impuxo en cinco das oito categorías, excepto a de prebenxamíns, que non é competitiva. En cadetes femininos gañou Adriana Rebolo, do Fluvial de Lugo, e na masculina foi o atleta local Hugo Lorenzo.

En infantil e alevín o Ría de Foz fixo dobrete con Sabela Ben e Luís Berdeal, en infatil, e Amelia Carrillo e Miguel Diz, en alevín.

En benxamíns femininos gañou Valeria Sánchez e en masculinos Thiago Fernández.

# DEPUTACIÓN

## A Deputación proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración cos 52 alcaldes e alcaldesas da provincia que decidiron sumarse ao Impulsa TIC, un novo proxecto da institución provincial a través do que proporcionará gratis ferramentas tecnolóxicas ás entidades locais para avanzar na súa modernización e transformación dixital. Para elo, conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que o Goberno central ten en marcha cos fondos que logrou da Unión Europea para facer fronte ós efectos da pandemia e modernizar a economía do país.

En presenza dos responsables municipais que decidiron sumarse ao Impulsa TIC e do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, o presidente explicou que a de Lugo sitúase á cabeza das institucións provinciais de toda España que recibiron máis fondos desta liña de axudas convocada polo Ministerio de Política Territorial, xunto ás de Barcelona, Valencia e Sevilla, "o que dá boa conta do nivel e da calidade da candidatura que presentamos".

Este programa estivo aberto a todos os municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes e puxo en valor que participasen, finalmente, preto do 80% dos concellos que podían facelo.

Tomé Roca, quen enmarcou esta iniciativa no seu compromiso de consolidar a cooperación cos concellos neste mandato, subliñou que as administracións gañarán "cercanía, axi-



lidade e transparencia" cos servizos e equipamentos que a Deputación lles facilitará atendendo ás súas necesidades específicas e con criterios obxectivos. Puxo como exemplo a axilización de trámites á cidadanía, como a presentación de documentos por Rexistro, a instalación de sistemas para a gravación dos plenos ou a mellora da accesibilidade das páxinas webs municipais.

Apuntou que "tendo en conta a autonomía municipal, os concellos manifestaron xa cal é a súa situación particular en materia dixital, cal é o seu punto de partida e as súas prioridades, para agora proporcionarlles os recursos máis axeitados a esas necesidades específicas, que distribuiremos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos", destacou Tomé Roca, quen engadiu que desta forma "garantimos unha xestión eficaz e transparente dos fondos europeos que recibimos".

Concretamente, os concellos da adheridos son: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Barreiros, Becerreá, Begoña, Bóveda, Burela, Castroverde,

Cervantes, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Monforte de Lemos, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Outrol, Pantón, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

O responsable da sección de Novas Tecnoloxías da Deputación, Nicolás Fariña, explicou brevemente as liñas técnicas sobre a funcionalidade destes fondos e a folla de ruta que seguirá da man dos concellos para desenvolver os proxectos e avanzar na transformación e modernización dixital dos concellos. Nese sentido, avanzou que, xa firmados os convenios, durante o mes de outubro deste ano abrirase un período para que a Deputación licite o subproxecto de cada concello, coa finalidade de poder comezar coa implantación antes de final de ano.

## Constitución do novo Goberno provincial

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou este mércores na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos a estrutura do novo Goberno provincial, así como a organización que rexerá o funcionamento orgánico da institución provincial neste mandato 2023-2027. Uns asuntos que, previsiblemente, serán ratificados polo Pleno extraordinario que se celebrará esta mesma mañá, tras ser consensuados polos tres grupos políticos da Corporación.

José Tomé Roca anunciou que ademais das funcións propias da Presidencia (dirixir o Goberno e a Administración, representar á Deputación Provincial de Lugo e presidir todas as comisións, sesións, xuntas de goberno ou plenos, entre outras), continuará dirixindo a área de Xestión Territorial, que inclúe as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos, dentro do seu "compromiso prioritario" coa mellora da mobilidade e do equilibrio territorial.

A Xunta de Goberno seguirá estando formada por 9 deputados. Ademais de pola súa persoa, integrarán este órgano: Efrén Castro Caloto, Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Miguel Fernández Méndez, Xosé María Arias Fernández, Iván Castro Díaz e Daniel García Fernández.

Crearanse dúas Comisións Informativas, como no anterior mandato: a Comisión Xeral de Asuntos do Pleno e a de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, que presidirá o Presidente e terán 3 integrantes do grupo provincial do PSOE, 3 do PP

e 1 do BNG. Por outra banda, mantense a periodicidade e a hora das sesións ordinarias do Pleno —os últimos martes de mes, ás 11:00h— e das Xuntas de Goberno —o venres de cada semana, ás 11.00h—.

### ÁREAS DE GOBERNO

- Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo. Pilar García Porto. Tamén continuará como voceira socialista.
- Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón.
- Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. Mayra García Bermúdez.
- Cooperación e Asistencia aos Concellos. Xosé María Arias.
- Participación Cidadá. Iván Castro Díaz.
- Muller e Igualdade. Marisol Morandeira Morandeira.
- Formación, Ensino e Economía do Coñecemento. Miguel Fernández Méndez.
- Medio Ambiente. Carlos López López.
- Recursos Sostibles. Francisco Cajoto Caserío.
- Deportes, Artesanía e Deseño, e Memoria Histórica. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente.
- Medio Rural, Mar e Mocidade. Daniel García Fernández.
- Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística. Iria Castro Fernández.

## 110.000 euros para asociacións das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe provisional dos 37 beneficiarios da liña de axudas en réxime de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial por un importe de 110.000€ para entidades sen ánimo de lucro asentadas ou que teñen o seu ámbito de actuación nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que nesta terceira edición do programa de subvencións, "que implantamos no pasado mandato, decidimos po-

tencialo subindo o orzamento nun 30%, ata os 110.000€, polo bo resultado que tivo nestes anos, o que nos permitirá desenvolver máis proxectos de dinamización das Reservas da Biosfera".

Estas axudas teñen por finalidade apoiar proxectos vinculados ao medio ambiente e o rural que poñan en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios, e forman parte da estratexia que promoven dende a institución provincial para favorecer o coidado das Reservas da Biosfera e, ao mesmo tempo, impulsar o seu desenvolvemento económico.

## Homenaxe a gandeiros xubilados

Os gandeiros e gandeiras da provincia que cesaron a súa actividade o ano pasado por xubilación foron homenaxeados nun acto organizado pola Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Rubia Galega, Acruga. Na cita, que se celebrou este mediodía no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo, Francisco Cajoto aproveitou para poñer en valor o traballo dos gandeiros e destacar como "unha das prioridades" da Deputación o sector agrogandeiro, no marco do seu compromiso cos sectores produtivos en xeral.

"É unha satisfacción que precisamente un dos primeiros actos institucionais nos que teño a oportunidade de participar en representación da



Deputación de Lugo, como responsable da área de Recursos Sostibles, sexa cos gandeiros de Acruga e que sexa nun encontro tan importante coma este, no que recoñecemos o enorme traballo de persoas sen as

que o sector gandeiro da nosa provincia e a propia provincia en si non sería o que é hoxe", asegurou. Xunto ao deputado participaron o presidente de Acruga, César Dorado e a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez.

## MAR



## A Xunta actuará de coadxuvante no recurso da frota contra o veto á pesca

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares mantivo un encontro con representantes da Organización de Produtores Pesqueiros (OPP-7) e doutras entidades do sector pesqueiro local para trasladarles que a Xunta de Galicia acaba de ser recoñecida como parte coadxuvante no recurso presentado pola OPP burelense contra o veto á pesca de fondo decretado o ano pasado pola Comisión Europea en 87 zonas de augas comunitarias.

O titular de Mar explicou que o Tribunal Xeral da Unión Europea emitiu o pasado venres unha resolución na que admite a intervención do Executivo galego no procedemento ao recoñecer que esta prohibición impacta nos intereses da comunidade autónoma. Esta decisión do tribunal europeo supón un fito moi importante posto que poucas peticións deste tipo -presentadas polas rexións europeas- prosperan e implica que a Administración galega poida

participar activamente no proceso, co que poderá responder aos argumentos da parte demandada e reforzar os presentados pola parte demandante, os socios da OPP-7.

A solicitude de intervención presentada ante o Tribunal Xeral da Unión Europea -a través do despacho de avogados J&A Garrigues- xa advertía do grave impacto que esa decisión inxustificada de Bruxelas pode supoñer a longo prazo. Neste sentido, incidía en que os prexuízos podían ir desde a posible perda de frota ou empregos ata chegar a unha menor actividade nos peiraos autonómicos que prexudicaría o equilibrio orzamentario da comunidade.

Por iso, incidiu Villares, a participación de Galicia no procedemento permitirá ao TXUE valorar, con información precisa e próxima aos territorios afectados, as repercusións económicas e sociais da prohibición establecida no regulamento impugnado.

## Licitado o novo pantalán para as embarcacións de baixura de Celeiro

O porto de Celeiro na actualidade, entre as súas infraestruturas portuarias, conta con instalacións flotantes para albergar un total de 103 embarcacións menores da 7ª lista na zona sur da súa dársena, pero non conta con instalacións flotantes para albergar as embarcacións menores de 3ª lista que teñen a súa base no porto e contan con esloras entre os 7 e 14 m.

Para dar cabida ás embarcacións menores de ambas as listas faise preciso reordenar a dársena, de forma que quede garantida a maniobrabilidade das embarcacións e que queden liberados os peiraos existentes para a descarga, hoxe en día ocupados pola atracada das embarcacións da 3ª lista.

A Confraría de Celeiro, que preside Rey Seijas, solicitou, tempo atrás, ao ente público Portos de Galicia, a construción dun novo pantalán en base á ampliación de instalacións para embarcacións menores no Porto de Celeiro. Portos de Galicia, sacou a concurso e licitación o proxecto elaborado para esta actuación no Porto de Celeiro, o importe da obra e actuacións é de 674.420.87 euros. Trátase dunha obra ou infraestrutura prioritaria e estratéxica que os órganos de goberno da entidade pesqueira tiñan desde hai tempo proxectada e que por fin agora pode levar a cabo.

Outra das actuacións nas que levan tempo traballando os dirixentes pesqueiros é no proxecto de remodelación da fachada marítima da localidade, obra que se considera esencial.



**SOLUCIÓN PROXECTADA.** Basicamente as obras proxectadas para a remodelación e ampliación das instalacións de atracada de embarcacións menores do porto de Celeiro, consisten na instalación de novas atracadas mediante pantaláns flotantes e a recolocación dun dos pantaláns deportivos existentes, para cubrir as necesidades de toda a frota profesional (3ª lista) e de recreo (7ª lista) existente.

Deséñase un novo pantalán para a frota profesional, situado na marxe sur da dársena no peirao sur, xunto á mariña seca e os peiraos de descarga de embarcacións da 3ª lista. As atracadas para embarcacións de recreo, están situados na marxe este de a dársena. Os dous pantaláns de embarcacións deportivas contan con accesos independentes. Para dar cabida á frota profesional será preciso recolocar un dos pantaláns deportivos, de forma que se garanta a maniobrabilidade das embarcacións.

**EMBARCACIÓNS DE 3ª.** Dispense

a instalación dun novo pantalán de atracada de 57.20 metros de lonxitude, que acollerán 18 prazas de amarre para embarcacións de 8, 10, 12 e 14 m de eslora. As obras de atracada flotantes para as embarcacións pesqueiras da 3ª lista realízanse mediante a instalación de pantaláns formados por módulos 12.00 x 3.00 m. Todas as prazas das embarcacións estarán dotadas de fingers para facilitar o amarre.

**EMBARCACIÓNS DE 7ª.** Ao construír o novo pantalán proxéctase o traslado do pantalán de embarcacións deportivas situado máis ao sur. A nova disposición será paralela ao outro pantalán existente. Esta nova orientación permitirá dar cabida ás embarcacións deportivas e pesqueiras no interior da dársena. O novo pantalán recochado contará con 72 m de lonxitude, 12 m máis que o pantalán actual e dará cabida a 52 prazas de 6x2.65 m

## A Lei de ordenación do litoral dará seguridade xurídica ao sector

O conselleiro do Mar, Alfonso Villares, mantivo un encontro cos presidentes da federación galega e das tres provinciais de confrarías de pescadores (A Coruña, Lugo e Pontevedra) para analizar a situación do sector e os retos máis inmediatos que afronta. Neste primeiro contacto o titular de Mar trasladou aos representantes das confrarías que a nova Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia vai outorgar ás empresas do complexo mar-industria a seguridade xurídica que precisan, e o Goberno

central lles nega, para seguir instaladas preto da costa.

O representante da Xunta, que estivo acompañado polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Antonio Basanta, e pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Susana Rodríguez, lamentou a interpretación restritiva que está a facer o Executivo do Estado da normativa de costas e salientou a importancia de exercer plenamente as competencias galegas na materia para evitar a expulsión do dominio público marítimo

terrestre de actividades que non se poden desenvolver afastadas del.

Este tipo de cuestións, incidiu o titular de Mar, mostran a falta de sensibilidade do Goberno do Estado cara un sector chave da economía galega e lembrou que o proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia pretende outorgar ás empresas da cadea mar-industria a seguridade xurídica que non teñen coa interpretación restritiva que fai o Executivo central da normativa de Costas.



**PORTOS DE GALICIA.** O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, presidiu a toma de posesión de José Antonio Álvarez Vidal como novo presidente de Portos de Galicia, ente dependente da Consellería do Mar que xestiona os 122 portos de titularidade autonómica existentes na comunidade. Por iso, no acto participou tamén o conselleiro do Mar, Alfonso Villares, que desexou a este ferrolán a maior das sortes na súa singradura á fronte deste organismo vital para o desenvolvemento económico das zonas costeiras e a xeración de emprego e riqueza nelas.

# Estase a mellorar enerxeticamente o edificio da Confraría de Celeiro

Durante este mes de xullo a Confraría de Pescadores de Celeiro puxo en marcha as obras do edificio de usos náutico-pesqueiros do peirao norte, encadradas dentro do denominado "Proxecto de mellora enerxética e salubridade no edificio náutico-pesqueiro do porto de Celeiro".



Trátase dun proxecto encadrado dentro dos proxectos colectivos de modernización das infraestruturas de portos pesqueiros, subvencionado pola Consellería do Mar ao amparo dunha Axuda de eficiencia enerxética, protección do medioambiente, seguridade e condicións de traballo e calidade de control e rastreadibilidade dos produtos da pesca, cofinanciados polo FEMP.

O importe total do proxecto cífrase en 512.800 euros, dos cales o 75% é financiado polo FEMP e o 25% restante pola Xunta de Galicia. A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, e o ente público Portos de Galicia, apoiaron a iniciativa da Confraría de Celeiro, que preside Domingo Rey Seijas, por considerala unha obra estratéxica de vital importancia.

**EDIFICIO.** O citado edificio é un inmovible, onde se desenvolven

actividades ligadas ao funcionamento da actividade pesqueira, almacéns, oficinas e diversas empresas de carácter náutico pesqueiro, formación marítimo-pesqueira ... etc. Co inexorable paso do tempo o edificio presentaba problemas de salubridade, polo que se facía necesario mellorar o confort e a seguridade no traballo da instalación e os seus usuarios.

As actuacións previstas no inmovible pasan pola retirada da actual cuberta, de uralita, por unha nova cuberta de panel/chapa especial, con remates, bajantes e canlóns así como portas de aceiro inoxidable; pintado total da instalación a nivel exterior, e interior, mellora da instalación eléctrica, obras de carpintería exterior con

colocación de novas ventás de aluminio...

As obras están orientadas a mellorar a eficiencia enerxética e a salubridade por iso contéplase illamento térmico con chapas mariñas tipo sándwich, carpinterías exteriores con ponte térmica e acristalamento baixo emisivo, substitución de luminarias por novas tipo lle e detectores de presenza e iluminación de emerxencia, mellora global das condicións de salubridade, hixiene e protección,... pintura e selaxe de carpinterías aplicación de pinturas intumescentes na estrutura metálica...etc. O que se di unha obra que permitirá "dar un bo lavado de fronte" a unha instalación estratéxica moi necesaria para o sector pesqueiro de Celeiro.



## Máis da metade dos galegos consume menos peixe do que se recomenda

Unión de Consumidores de Galicia fixo público o resultado do seu estudo sobre consumo de peixe en Galicia desenvolvido no primeiro semestre de 2023 e que amosa diferenzas nos hábitos de consumo respecto dos datos obtidos no estudo de 2019.

A principal conclusión que se extrae deste estudo, é que mellora a frecuencia de consumo recomendado1 (entre 3-4 veces á semana) pasando do 28% dos fogares en 2019 a preto do 34,50% en 2023. Sen embargo as cifras seguen a ser moi negativas xa que logo, máis do 55% dos galegos afirma non consumir peixe ou facelo só unha ou dúas veces á semana.

Mellora tamén a porcentaxe de persoas (7,7%) que aumentou a frecuencia desde unha soa vez á semana a un maior consumo. Empeoran pola súa banda os datos das persoas que afirman non consumir peixe que pasa do 1,82% ao 2,66%, así como os relativos ás persoas que consumían peixe con maior frecuencia que baixa ate o 9,72% fronte ao máis do 10,5% de 2019.

Máis do 57% dos galegos e que afirma que o principal motivo polo que non consume peixe é debido ao seu elevado prezo. Outros motivos argumentados teñen que ver co tempo de preparación (13%), os horarios dos establecementos de venda (11%).

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

# COLABORACIÓN

## Dúas cervexas para cinco

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**N**on hai mellor mestra que a pura e tediosa repetición. É algo que me custa transmitir aos meus alumnos máis impacientes, pero coido que é algo moi certo. Unha premisa probada que podería ter categoría de Teorema. Neste último tramo da carreira de fondo que supón o segundo curso de Bacharelato, a vida puxo no meu camiño a unha alumna formidable, por levar á práctica a frase do comezo, por non renderse e amosarse inesgotable malia cando as forzas eran poucas. Insegura e cansa, pero repetindo unha e outra vez os exercicios propostos, aqueles que aportei como reto e mesmo outros buscados ex profeso, para traer dúbidas e

ter ferramentas a maiores polo que puidera ter que enfrontarse. Isto é, unha alumna marabillosa academicamente. Pero tamén como persoa, e aquí xa amosei a miña sorpresa, porque é moi certo iso de que a meirande parte da xente é boa e agradable, pero hai unha minoría que fai moito ruído.

É relativamente doado atopar e traballar con persoas capaces, espremer o seu potencial para que sexan capaces de acadar un bo nivel de abstracción para cos problemas formulados, facelos capaces de interpretar enunciados e darlles ferramentas para que sexan quen de resolvelos optimizando o procedemento para facelo. Pero aí non remata a miña tarefa, trato de que o fagan pensando neles mesmos, centrados no folio en branco que teñen diante, lonxe de comparacións, alleos ás solucións do resto. Empregando as propostas das compañeiras como

motor para impulsar os seus razoamentos dedutivos. Porque nas Matemáticas, ata eses exercicios que só semellan poderen resolverse partindo dunha idea feliz, poden practicarse coa pura e tediosa repetición proposta ao comezo. Porque cantos máis faga, máis ferramentas vou a ter para ser resolutiva en situacións non tan coñecidas.

Hoxe propuxen equipos para resolver exercicios que foron propostos nas probas de ABAU en anos anteriores e sorprendeume a cooperación, se unha non lembraba a condición de punto de inflexión, o da súa esquerda si o facía. E se ao de dous postos máis alá se lle esquecera que os extremos relativos se atopan igualando a primeira derivada a cero, o capitán do equipo tiña moi claro. Era traballo en equipo, afianzando a confianza individual para formar parte dun todo que rematou en empate. Estou completamente segura de

que esta alumna da que falaba comparte os valores dos que escribo, e así mo amosa a súa historia persoal, con certas analogías coa miña que semellan determinantes para que lle profesase a miña admiración. Porque hai moitas cousas máis alá de chegar a un resultado correcto, a notación rigorosa e a linguaxe técnica son tan importantes coma a actitude posta para a súa resolución.


A firmeza no pensamento logo de facernos todas as preguntas posibles é importante, pero con isto tamén anoto que non unha opinión por amosarse taxante e rotunda é correcta. Posto que igual non contestou ás misivas axeitadas. Aplicable tanto ás eleccións producidas onte coma ás conversas de taberna. Escribiu aquel: "VAMOS A COMER TURISMO" e trato de imaxinar como sería o debate posterior de seguir a miña familia coa taberna da Ponte do Carro. Alí

toda a veciñanza era respectada, e había o mesmo silencio para escoitar ao enxeñeiro xefe da Fábrica cao matachín iletrado. O que non eran toleradas eran as conductas soberbias de turistas que viñan sentando Cátedra, que por vir da capital pensaban que eramos uns pobres diaños. Dúas cervexas para cinco, e solicitando tapas a demanda. Non debemos ser turistas, senón viaxeiros.

Lembro un grupo de rapaces novos, tratando de burlar a unha camareira noviña que atendía da barra tan só cando a miña nai marchaba coidar dos vellos, entre risas apuntaron que as copas non estaban remexidas. Ante isto, ergueuse o falecido C. suxeitou os vasos dos cubalibres e meteu os seus propios dedos dentro para remexerllos. Coido que era iso o que querían, ou polo menos o que máis falta lles facía.

## Sálvora

CULTURA



Rebeca Maseda

**O**mar engaiólanos, exerce sobre nós un efecto feiticeiro que non podemos controlar. O seu poder de sedución é tal, que poderíamos pasar horas e horas observándoo coa mirada perdida no horizonte. É como entrar nun proceso de hipnose prateiro, un "deixarse levar". A gran Rosalía de Castro escribiu un poema moi ilustrativo ao respecto:

«Co seu xordo e constante mormorío atráime o oleaxen dese mar bravío, cal atrá das serenitas o cantar...»

Dun xeito parecido, o solpor tamén ten un "non sei que" máxico, ese breve instante no cal non podemos deixar de observar o sol desaparecendo no ceo. Hai uns días estiven polas Rías Baixas, concretamente en San Vicente do Mar (O Grove), e paseando polo sendeiro das "Pedras Negras" tiven a sorte de presenciar un solpor de película! Os turistas armados cos seus

teléfonos móbiles, inmortalizaban o momento de mil maneiras posibles. Pero a dicir verdade, a imaxe ben valía as moreas de "selfies": o mar en calma, os brazos de rocha negra acariciando a Ría, o sol despedíndose entre cores alaranxadas e a illa de Sálvora presidindo tan fermosa cerimonia ao fondo. Nese punto exacto no que o Atlántico dubida de se é parte xa da Ría de Arousa, emerxe o arquipélago de Sálvora, o secreto mellor gardado da costa galega. O lugar no que durante décadas se refuxiaban os que xa non sabían volver á casa -pescadores, hippies, contrabandistas, viaxeiros que daban a volta ao mundo-, e que hoxe forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Apenas tres quilómetros mar dentro, Sálvora é un reino doutro mundo. Só as botellas baleiras e os balóns picados que chegan no verán ata as súas rochas, lembrannos que, antes de caer o sol, teremos que volver ao resto da nosa vida. Para seguir bailando. Pero aínda queda tempo; é hora de perderse entre as historias do mar de Sálvora. Esta sucesión de illas e farallóns é

un paraíso natural incomparable; basta desembarcar na praia do Castelo -un areal branquísimo, un "Caribe frío" gobernado pola estatua da Serea Mariña- para darnos conta de que estamos ante un lugar máxico. Aquí todo é salvaxe.



Os cabalos e cervos, introducidos na illa principal polo marqués de Revilla para gozar das súas cacerías, pastan sen reparar na presenza humana. Quizais porque en Sálvora xa case non hai ninguén... Dende a marcha dos últimos fareiros, narrada en primeira persoa por Julio Vilches, só dúas parellas

de vixiantes e gardas forestais residen na illa a quendas.

Máis alá da súa beleza natural, o que converte a Sálvora nun lugar especial son as historias e lendas que a habitan. Foi agocho dos Winston de Batea, sala de concer-

marítimas. Concretamente a do Santa Isabel, o vapor-correo que se afundiou en 1921 xunto ás rochas que rodean a illa con máis de 200 persoas a bordo e que a prensa da época bautizou como o "Titanic galego". O buque -cuxa pasaxe de emigrantes que buscaban unha vida mellor en América, procedentes na súa maioría de Bilbao, Santander e A Coruña- bateu contra un dos farallóns traizoeiros preto da illa e foi afundiarse xunto ás dúas rochas xemelgas coñecidas como "Pegar" e "A filla de Pegar". Aquela noite na aldea só estaban unhas 25 persoas, case todas mulleres e nenos. Os homes acudiran a Aguiño e Carreira, a terra firme, a celebrar o Aninovo, polo que foron as mulleres do pobo as que tomaron as dornas -embarcacións tradicionais da zona- e lograron rescatar a máis de medio centenar de sobreviventes. Hoxe, catro hórreos bautizados cos nomes das catro heroínas que lideraron o rescate, honran a súa memoria.

Sálvora, fogar de mulleres bravas e sereas cantareiras, fica libre e máxica ata o fin dos tempos.

tos para as ondas dos pescadores e tamén, refuxio de navegantes desprevidos aos que o Atlántico obriga a renderse, aínda que sexa só por unhas horas. Aqueles coñecidos no lugar como "náufragos secos".

O que marcou para sempre a historia de Sálvora son as catástrofes

# Nenos e abuso da tecnoloxía. Dano silencioso

## O PUPITRE



Julio Díaz

**A** tecnoloxía inunda cada vez máis a nosa vida diaria en todos os ámbitos que nos poidamos imaxinar.

Os nenos de antano nacían cun pan baixo o brazo, os nenos de hoxe nacen practicamente cun aparato tecnolóxico nas súas mans. Dende moi novos, familiarízanse cos móbiles, coas tabletas, TV e forman parte do seu hábitat natural.

Somos moitas veces os mesmos adultos os que promovemos o uso destas tecnoloxías para tranquilizalos e mantelos ocupados para que non molesten. Craso erro facer un uso destas como pacificador emocional dos nosos menos, cando o que debería ser era ensinalos a controlar as súas emo-

cións, ensinalos técnicas para calmarse e analizar con eles as posibles resolucións aos conflitos que xorden no día a día.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) establece que os bebés de 0 ata 2 anos non deben ter ningún contacto con dispositivos electrónicos. Os rapaces de 3 a 5 anos deben limitar o seu uso a 1 hora diaria como máximo, mentres que os de 6 a 18 anos a 2 horas por día.

Aprender a falar máis tarde, moita peor psicomotricidade e un importante aumento na frustración son consecuencias do manexo de pantallas en menores de 3 anos cando o seu cerebro está en pleno desenvolvemento e se ve exposto a multitude de estímulos para os que non están preparados a procesar.

Un estudio realizado con nenos de entre seis meses e dous anos confirmaba que estes están demasiadas horas ao día en contacto con smartphones, tablets, TV, teñen niveis máis baixos en mielina. A



mielina é unha substancia que recubre os axóns das neuronas, o que permite que a conectividade neuronal e a súa velocidade sexan as adecuadas. É dicir, se hai diminucións da mielina, o procesamento cerebral é máis lento.

A mellor maneira de estimular un pequeno para o desenvolvemento da lin-

guaxe é a interacción con outros nenos e con adultos.

Ademais de afectar a unha correcta adquisición da linguaxe, o uso das pantallas pode tamén afectar no corpo emocional. Distintos estudos suxiren que a exposición excesiva contribúe a un aumento de ansiedade, depresión e problemas

de sono no nosos menos/as. Tamén ao illamento social e son tamén máis propensos/as ao acoso e ao bullying a través dos medios dixitais.

En termos de saúde física obsérvase unha asociación entre a exposición prolongada ás pantallas cun maior risco de obesidade infantil. Os nenos "dixitalizados" pasan largas horas fronte a dispositivos electrónicos levando unha vida sedentaria, que limita a súa participación en actividades físicas e aumenta a posibilidade de desenvolver problemas de peso e saúde.

Destacar, para rematar, que dentro das distintas competencias clave que establece a LOMLOE, a "Competencia Dixital" pon en valor que se debe aplicar o uso seguro, saudable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

# A casa da Roxoa, primeira parte

## HISTORIA DA MARIÑA



X. Isidro Fernández

**E**stá situada na parroquia de San Xoán de Castromaior. O 28 de agosto de 1663, o Lic. Diego López Martínez e Andrade, crego de Sta. María de Cospeito e o capitán Alonso López Sanjurjo Montenegro, fillo do Capitán Alonso López Sanjurjo Montenegro María Vaamonde e Salvatierra, donos da casa da Roxoa, celebraron escritura de concordia pola cal o Sr. Diego López fixo doazón dos bens que tiña e tivera con cláusula vincular a súa sobriña D.<sup>a</sup> María de Andrade e Montenegro a cal ía contraer matrimonio co mencionado Capitán Alonso López.

O crego fixo a reserva do usufruto e poder dispoñer de 2000 ducados de bens.

O posuidor do vínculo tiña obrigación de celebrar 6 misas de aniversario perpetuo na igrexa de Cospeito, o día e octava de San lago e un responso cantado todos os domingos, sobre a sepultura do Lic. Diego López.

Pola outra parte o Capitán Alonso López, o vello fixo doazón ó seu fillo do terzo e quinto dos bens de Castromaior e Aldaxe, incorporándolos a casa e vínculo da Roxoa fundada por Álvaro Sanjurjo de

Montenegro e a súa esposa María Vaamonde. O cal tiña a obrigación de celebrar o día de San Ildefonso catro misas na gruta do Anxo da Garda, tamén fundada polo capitán e catro mais a decir na capela que fundarán os seus pais na parroquia de Castromaior. Ademais deu o seu fillo os bens dotais e herdanza que lle pertencían por dona Ana Vázquez Vaamonde, muller de Lorenzo López de Saavedra, os cales bens se atopan en mistidumbre e por partir con D. Antonio de Montenegro e Ribadeneira.

O Capitán Alonso López do seu matrimonio con María Vaamonde e Salvatierra tivo por fillos: O Capitán D. Alonso Sanjurjo Montenegro que casou con dona María de Andrade e D.<sup>a</sup> Petronila Vaamonde y Montenegro a cal estivo casada en primeiro matrimonio co Capitán D. Antonio Montenegro de Andrade e no segundo co Dr. D. Froilán de la Vega avogado e veciño de Lugo e a D.<sup>a</sup> Mariana Montenegro e Vaamonde muller que foi de D. Xullo Freire de Andrade.

No libro primeiro de mortos da parroquia de Castromaior aparece a defunción do Capitán Alonso Sanjurjo o vello, no cal se di: "El Capitán Don Alonso Sanjurjo. En nueve días del mes de octubre de seiscientos y setenta y tres años se murió el Capitán Don Alonso Sanjurjo Montenegro en su casa da Roxa está sepultado dentro de

la parroquia de Castromayor y en sepultura suya delante la Capilla del Glorioso San Miguel hizo testamento que paso ante Joseph Basilio Rogica de Arrois escribano de Su Majestad vecino de Fanoy y mandaron en él y su mujer ocho misas perpetuamente todos los años y un responso cantado para siempre todos los domingos y Pascual de cada año y todo dejaron mandado sobre la mejora y vinculo que hicieron a su hijo el Capitán don Alonso Baamonde Montenegro y lo firmo. Manuel López".

O Capitán D. Alonso Sanjurjo Montenegro no matrimonio con María de Andrade y Montenegro, tivo como fillos a D. Jacob Sanjurjo y Montenegro capitán de Infantería, a D. Ángel Sanjurjo Montenegro a Isabel Montenegro a Manuel Sanjurjo y Montenegro e a Dona Eulalia Montenegro Andrade.

Matrimonio de Doña Isabel de Andrade con Salvador de Cardigonde. "En la casa de la Roxoa feligresía de San Juan de Castromayor a 20 días del mes de Julio del año de mil y seiscientos y noventa y seis asistió al matrimonio que Doña Isabel de Andrade hija legítima que finco del Capitán Don Alonso Sanjurjo Montenegro y de Doña María de Andrade vecinos que fueron desta feligresía su legítima mujer contraxo con Don Salvador de Cardigonde y Valladores hijo legítimo de Don Juan de Cardigonde y de Doña

## O RECUNCHO DE CANELINA



Dominga López su mujer vecinos de la ciudad de Mondoñedo, según lo contrajo por el dicho Don Salvador de Cordigonde y con poder suyo para dicho efecto el licenciado Don Carlos Masteda y Baamonde Canónigo en la Santa Iglesia Catedral de dicha ciudad de Mondoñedo aviendo precedido la dispensación del señor provisor de este obispado para que les casare sin que precediese amonestaciones ninguna según consta del despacho de su mand. dho provisor que para en mi po-

der, su dacer en dicha ciudad de Mondoñedo a dicho días del mes de julio de mil seiscientos noventa y seis años refrendado por Domingo de Almon y abresin notario y excusador en el oficio de Don Diego Teixeira y fueron testigos de dicho casamiento el Licenciado Don Joseph Pérez Tejada cura de Baroncelle, Alonso Díaz de Lamas escribano público vecino de la feligresía de San Lorenzo de Árbol y Juan Cabana, soltero vecino de Aldixe y otro sylo firmo. Juan López Miranda".

## DE RUTA EN RUTA

# Burela: ruta polo litoral

Esta vila mariñeira conta con excelentes praias que cada ano locen a Bandeira Azul

**O**s Sendeiros Azuis son itinerarios e elementos paisaxísticos que enlazan praias ou portos con Bandeira Azul e contribúen positivamente ao uso sostible do litoral. Ademais de ser excelentes lugares para o goce da natureza.

A ruta do litoral comeza na praia da A Marosa, que ten forma de cuncha e é de area branca, atópase moi próxima á zona urbana de Burela. Está situada entre a Punta dás Laxes e Pena Grande. Conta coa típica poboación de fauna e flora do litoral. Na parte superior vese arroupada por unha gran zona de espaxamento: a área recreativa e deportiva da Marosa, conta cun parque infantil. Idónea para a práctica de deportes acuáticos e outro tipo de deportes. En época estival conta cun chiringuito onde poder beber e/o comer gozando dunhas inmemorables vistas.

Seguindo o paseo litoral, xa sexa a pé ou facendo uso do carril bici, chégase á praia de Ril, que é de pequenas dimensións e conta con area branca de grosor medio e ro-

cas. Atópase entre a praia da Marosa e o centro urbano. A poucos metros pódese observar o asentamento castrexo na zona coñecida como Chao do Castro, orixe do Torques de Burela, emblema do escudo municipal. Avanzando uns metros atópase a praia do Portelo, que ten forma de cuncha e é de area fina. Atópase en pleno centro urbano polo que conta con numerosos bares e restaurantes nos seus arredores. Está situada entre a enseada de Portelo e o porto de Burela. É moi recomendada para

familias con nenos, pola tranquilidade das súas augas e a case ausencia de ondada, ademais con marea baixa é ideal para pasear pola beira.

Seguindo a liña da costa, a poucos metros do inicio da dársena portuaria pódese visitar o Barco Museo Reina do Carmen. Máis adiante da zona portuaria, cara á zona da lonxa climatizada, a aproximación á liña de costa permite descubrir a Zona Xeolóxica do Perdouro. Outra opción é seguir o carreiro litoral burelense, que no seu tramo

final se achega á praia do Cantíño, unha praia de pequenas dimensións formada principalmente por area branca e rocas. Está situada nunha zona semiurbana, xa que nos últimos anos proliferaron as construcións polos seus arredores, tanto en vivendas de uso exclusivo para o verán, como vivendas que se utilizan todo o ano.

Debido ao seu pequeno tamaño toda a praia está cuberta polo mar, non quedando espazo de area seca. Quizais sexa isto o que

lle proporciona o seu innegable encanto, xa que hai que lanzarse ao mar desde a rampla de baixada á praia. Ademais adoita ter pouca ondada e a auga moi cristalina, polo que asemella unha piscina no mar.

Atópase moi próxima ao área recreativa do Cantíño, que conta con zona de merendas con grellas e un parque infantil. Isto fai posible que se poda gozar dun día completo en contacto coa natureza. Polo que é ideal para pasar un día en familia ou amigos.



## DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade fácil

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605